## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

*Corrección de erros.-Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

Advertidos erros no devandito decreto, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 20, do 29 de xaneiro de 2009, cómpre facer as oportunas correccións:

Na páxina 1.920, no punto II da parte expositiva, onde di: «O regulamento estrutúrase en seis títulos en que teñen cabida 87 artigos, catro disposicións adicionais, unha disposición derrogatoria e dúas disposicións derradeiras.», debe dicir «O regulamento estrutúrase en seis títulos en que teñen cabida 87 artigos e catro disposicións adicionais.»

Na páxina 1.921, no índice, Título I, capítulo I, no artigo 17, onde di: «Comunicación á Unión Europea de proxectos de establecemento, concesión ou modificación dunha subvención.», debe dicir: «Notificación e comunicación á Unión Europea de proxectos de establecemento, concesión ou modificación dunha subvención.»

Na páxina 1.925, no artigo 4.2º, na letra f), onde di: «Réxime de pagamentos, se é o caso, garantías.», debe dicir: «Réxime de pagamentos e, se é o caso, garantías.»

Na páxina 1.927, no artigo 12º, onde di: «Lei 28/2003, do 17 de novembro», debe dicir «Lei 38/2003, do 17 de novembro»

Na páxina 1.930, no artigo 26º.4, onde di: «Cando, na resolución de concesión dunha subvención plurianual, se previse expresamente na normativa reguladora a posibilidade de efectuar pagamentos á conta, sinalarase a distribución por anualidades da contía atendendo ao ritmo de execución da acción subvencionada.», debe dicir «Cando se previse expresamente na normativa reguladora a posibilidade de efectuar pagamentos á conta, na resolución de concesión dunha subvención plurianual sinalarase a distribución por anualidades da contía atendendo ao ritmo de execución da acción subvencionada.»

Na páxina 1.932, no artigo 34º.2, onde di: «artigo 33.6º» debe dicir «artigo 33.7º»

Na páxina 1.932, no artigo 35º.1, onde di: «artigo 14 m) da Lei de subvencións de Galicia», debe dicir «artigo 14.1º.m) da Lei de subvencións de Galicia»

Na páxina 1.937, no artigo 50º.4, onde di: «na letra f) do artigo 12.1º da Lei de subvencións de Galicia», debe dicir «na letra f) do artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia»

Na páxina 1.939, no artigo 59º.1, onde di: «o establecido no punto l) do artigo 14.1º da Lei subvencións de Galicia», debe dicir «o establecido no punto m) do artigo 14.1º da Lei de subvencións de Galicia»

Na páxina 1.941, o artigo 65º.4, letra b), onde di: «As entidades vinculadas ou dependentes directa ou indirectamente da Comunidade Autónoma de Galicia as que se refiren os puntos 2 e 3 do artículo 1º deste regulamento», debe dicir: «As entidades vinculadas ou dependentes directa ou indirectamente da Comunidade Autónoma de Galicia.»

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

*Decreto 64/2009, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.30º faculta a Xunta de Galicia para levar a cabo aquelas accións que considere necesarias para a protección, conservación e mellora dos espazos naturais. A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, no seu título I, define con carácter xeral os espazos naturais que deben ser considerados merecedores dunha protección especial, regulando o seu procedemento de declaración, e dispón un réxime xeral de protección e prevendo a posibilidade de establecer réximes de protección preventiva. Entre as oito categorías de espazos naturais protexidos que establece a Lei 9/2001, do 21 de agosto, prevese a figura de parque natural.

No ano 1993 declarábase o parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, mediante o Decreto 29/1993, do 11 de febreiro (*Diario Oficial de Galicia* nº 35, do 22 de febreiro), aprobándose o seu Plan de ordenación dos recursos naturais (PORN), de acordo ao Decreto 32/1993, do 11 de febreiro (*Diario Oficial de Galicia* nº 37, do 24 de febreiro). Este parque natural abranguía unha superficie de 20.920 ha, repartidas entre os concellos de Entrimo, Lobios e Muíños. Con posterioridade, no ano 1998 aprobábase o Plan reitor de uso e xestión (PRUX) do espazo, conforme ao disposto no Decreto 155/1998, do 28 de maio (*Diario Oficial de Galicia* nº 107, do 5 de xuño).

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, mantén como instrumentos básicos do planeamento dos recursos naturais aos plans de ordenación dos recursos naturais (PORN). Estes documentos perfílanse como o instrumento específico das comunidades autónomas para a delimitación, tipificación, integración en rede e determinación da relación dos espazos naturais co resto do territorio, dos sistemas

que integran o patrimonio e os recursos naturais dun determinado ámbito espacial. As disposicións contidas nestes plans constituirán un límite para calquera dos outros instrumentos de ordenación territorial ou física, prevalecendo sobre os xa existentes, constituíndo unha condición indispensable coa que pretende atallar a grave deterioración que sobre a natureza produciu a acción do home. Deste xeito, os recursos naturais, e en especial os espazos naturais que se van protexer, serán obxecto dunha planificación encamiñada a adecuar a súa xestión aos principios inspiradores do artigo 2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro. Ademais, esta lei confire ás administracións públicas competentes a aprobación dos plans de ordenación dos recursos naturais, ofrecendo así ás comunidades autónomas un importante instrumento para a implantación das súas políticas territoriais.

A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza (*Diario Oficial de Galicia* nº 171, do 4 de setembro), establece, en concordancia coa lexislación estatal, como instrumentos específicos de ordenación ambiental os plans de ordenación dos recursos naturais, xunto aos plans reitores de uso e xestión e os plans de conservación.

A Xunta de Galicia, en virtude das súas competencias en materia de ambiente, de acordo cos termos do artigo 149.1º 23 da Constitución e do Real decreto 1535/1984, declarou por medio do Decreto 72/2004, do 2 de abril, a todos os lugares propostos no territorio da comunidade autónoma para a súa inclusión na Rede Natura 2000 como espazos naturais protexidos baixo a categoría de zonas de especial protección dos valores naturais (ZEPVN), de acordo co establecido coa Lei 9/2001, do 21 de agosto. Estes espazos entran a formar parte da Rede Galega de Espazos Protexidos e, deste xeito, os límites da ZEPVN A Baixa Limia aprobábanse mediante Resolución da Dirección Xeral de Conservación da Natureza do 30 de abril de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* nº 95, do 19 de maio).

O 15 de xaneiro de 2008 publicouse no *Diario Oficial de la Unión Europea* a Decisión 2008/23/CE da Comisión, do 12 de novembro de 2007, pola que se adopta, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, unha primeira lista actualizada de lugares de importancia comunitaria (LIC) da rexión bioxeográfica atlántica (DOUE L 12, do 15 de xaneiro de 2008), entre os que se inclúe o LIC A Baixa Limia.

A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, establece nos seus artigos 4 e 31 que os plans de ordenación dos recursos naturais (PORN) se configuran como instrumentos de planificación dos espazos naturais da Rede Galega de Espazos Protexidos. Na tramitación deste PORN seguíronse os trámites previstos no artigo 7 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, someténdose a información pública e audiencia aos interesados, de acordo coa Resolución do 20 de maio de 2008, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza (*Diario Oficial de Galicia* nº 108, do 5 de xuño), así como ao estudo e a súa valoración polo Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

De conformidade co exposto, resulta procedente aprobar un novo Plan de ordenación dos recursos naturais do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, cuxo ámbito de aplicación se estende ás 20.920 hectáreas que actualmente conforman este parque natural e ás novas 8.842 hectáreas, coas que nun futuro se pretende ampliar este espazo natural protexido.

A aprobación deste Plan de ordenación dos recursos naturais é requisito previo, conforme prevé o artigo 23 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, para a ampliación do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés ás 8.842 novas hectáreas, ás cales lles resulta igualmente aplicable o réxime de protección previsto neste instrumento de planificación para o parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés.

Polo exposto e en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, e logo de deliberación do Consello de la Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezanove de febreiro do dous mil nove,

*DISPOÑO:*

Artigo único.-*Aprobación.*

Apróbase o novo Plan de ordenación dos recursos naturais do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés que aparece recollido no anexo I.

*Disposición derrogatoria*

Queda derrogado expresamente o Decreto 32/1993, do 11 de febreiro, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés.

*Disposición derradeira*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezanove de febreiro do dous mil nove.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Manuel Vázquez Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

*ANEXO I*

**Plan de ordenación dos recursos naturais do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés**

TÍTULO I
DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.-*Natureza do plan.*

Este plan é o instrumento específico para a delimitación, tipificación, integración en rede e determinación da relación do espazo natural co resto do territorio, dos sistemas que integran o patrimonio e os recur-

sos naturais do ámbito territorial do parque natural, conforme o previsto na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, así como á Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade (BOE nº 299, do 14 de decembro de 2008).

Artigo 2º.-*Finalidade.*

Este Plan de ordenación dos recursos naturais (en diante PORN) ten como finalidade establecer un modelo de xestión que contribúa a alcanzar os obxectivos de conservación e ordenación do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, de acordo cos criterios establecidos nas normativas que rexen a xestión dos espazos naturais e da biodiversidade, a nivel comunitario, nacional e autonómico.

Artigo 3º.-*Ámbito territorial.*

1. O ámbito territorial de aplicación deste PORN abrangue unha superficie total de 29.762 hectáreas, das cales 20.920 hectáreas se corresponden coa actual superficie do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, mentres que as restantes 8.842 hectáreas representan a superficie coa que nun momento ulterior se procederá á ampliación deste parque natural.

2. O ámbito territorial de aplicación deste PORN vén recollido e cartografado no anexo II e esténdese polos concellos de Bande, Lobeira, Entrimo, Lobios, Muíños e Calvos de Randín, todos eles na provincia de Ourense, os cales constitúen a área de influencia socioeconómica do dito plan.

Artigo 4º.-*Efectos do plan.*

1. Este PORN será obrigatorio e executivo en todo o que afecte a conservación, protección ou mellora da flora, a fauna, a xea, os ecosistemas, a paisaxe, os hábitats e os recursos naturais.

2. Este PORN prevalecerá sobre calquera outros instrumentos de ordenación territorial ou física, constituíndo as súas disposicións un límite para estes, cuxas determinacións non poderán alterar ou modificar aquelas e aplicaranse, en todo caso, prevalecendo sobre os instrumentos de ordenación preexistentes.

3. As previsións deste PORN terán carácter vinculante para calquera outra actuación, plan ou programa sectorial en todo o relativo ás materias a que se refire o número 2 deste artigo e revestirán carácter indicativo en todo o demais.

Artigo 5º.-*Vixencia e revisión.*

As determinacións deste PORN entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e continuarán en vigor de xeito indefinido en canto non se revise o plan por cambiar suficientemente as circunstancias ou criterios que determinaron a súa aprobación.

Artigo 6º.-*Contido do plan.*

O Plan de ordenación dos recursos naturais do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés está integrado por 4 puntos:

a) Xustificación, categoría de protección e obxectivos.

b) Zonificación.

c) Medidas de xestión.

d) Desenvolvemento do Plan de ordenación dos recursos naturais.

Artigo 7º.-*Réxime de protección.*

O réxime de protección previsto para a totalidade do espazo natural obxecto deste Plan de ordenación dos recursos naturais será o correspondente á parque natural, de conformidade co disposto nos artigos 12 e 32 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.

## TÍTULO II
## XUSTIFICACIÓN, CATEGORÍA DE PROTECCIÓN E OBXECTIVOS

Artigo 8º.-*Xustificación.*

O parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés articúlase arredor dunha serie de estribacións integradas nas montañas galaico-miñotas: a Serra de Laboreiro, a Serra do Xurés e a Serra da Pena. A pesar de que ao longo das devanditas elevacións, establécese a fronteira con Portugal, desde o punto de vista ambiental e do seu aproveitamento polas poboacións humanas, constitúen unha unidade dificilmente separable do resto de montañas galaico-miñotas da parte lusa. En esencia, trátase dun territorio de relevo abrupto, no que escasean as áreas chás, sometida a un clima caracterizado por grandes contrastes entre as partes altas e as baixas. Nas primeiras, as precipitacións son elevadas e contan cun réxime termométrico contrastado, con invernos longos e rigorosos nas áreas situadas por enriba dos 1.000 m. Esta dura climatoloxía atópase suavizada nas áreas baixas, asociadas aos principais cursos fluviais, os cales nalgúns casos discorren por vales moi abrigados e fortemente encaixados, o cal provoca que as precipitacións sexan máis ben escasas dentro do contexto galego, cunha importante seca estival.

Os principais compoñentes bióticos deste espazo natural están claramente relacionados cos territorios atlánticos e centroeuropeos, ademais de contar cunha importante penetración de elementos florísticos e faunísticos de tendencia mediterránea, principalmente a través das áreas meridionais, supón a presenza de especies e comunidades vexetais e animais cuxa representación en Galicia é practicamente exclusiva, o que supón un alto valor desde o punto de vista da súa significación no relativo á conservación da biodiversidade existente no ámbito de Galicia.

A actividade humana, presumiblemente desenvolvida neste territorio de xeito ininterrompido a partir de hai uns 4.000 anos, foi modelando unha paisaxe en mosaico na que destacan hoxe en día as grandes superficies ocupadas polas matogueiras, medios rochosos e os bosques. Desde o punto de vista ecolóxico, son precisamente a extensión e estado de conservación das matogueiras e rochedos un dos valores que máis contribuíu á consideración deste espazo como unha das áreas de maior interese dentro do contexto galego e, mesmo, noroccidental ibérico, desde hai practicamente un século. A Baixa Limia constitúe un rebordo da ampla depresión da Limia, caracterizado por 3 unidades morfolóxicas: as superficies achairadas, os vales fluviais e as serras. En xeral, unha morfoloxía de cumes e vales como a que caracteriza a Baixa Limia acostuma estar vencellada a un relevo formado a partir dunha superficie achairada erguida e que posteriormente é disecada pola dinámica fluvial. Deste xeito, sobre estes macizos montañosos, labrados sobre granitos, volven aparecer claras mostras de seren erguidos pola tectónica e fendida pola morfoxénese fluvial, sen esquecer o modelado glaciar e periglaciar. Os montes que conforman estas serras son a Serra do Xurés (1.533 m), a Serra de Santa Eufemia (1.107 m), os Montes do Quinxo (1.166 m), a Serra de Queguas (1.205 m) ou a Serra do Laboreiro (1.333 m), e forman, pola súa vez, o límite natural con Portugal. En contraste con isto, estaría o val do río Limia, de forma ampla e horizontal, o cal se atopa a unha altitude de 350 m, mentres que as superficies de aplanamento se sitúan a unha cota entre 800 e 1.000 m.

A superficie que ocupa o parque e a súa ampliación aséntase na zona coñecida como Galicia-Tras-os-Montes, encadrada dentro do Macizo Hespérico Español. Esta rexión está dominada por estruturas graníticas compostas, principalmente, por cuarzos, feldespatos e micas. A litoloxía presente responde aos importantes procesos metamórficos e de pregamento sufridos nas distintas fases da Oroxenia Hercínica. Deste xeito, a práctica totalidade da superficie abranguida polos territorios delimitados polo parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés atópase sobre materiais de tipo granítico, pertencentes aos macizos de Lobios principalmente, e de forma secundaria aos de Domaio e A Golada, aínda que en moita menor superficie. Cabe subliñar que no seo destas formacións aparecen con frecuencia filóns de seixo.

O parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés atópase nunha zona de transición entre os climas atlántico e mediterráneo, o cal se reflicte nos parámetros climáticos. A temperatura media anual oscila entre os 14º C correspondentes á área noroccidental do espazo natural e os 10º C da zona Sur onde se aprecia unha maior continentalidade. Os valores máis elevados acádanse nos meses de xullo e agosto, chegando a temperaturas extremas de 35º C; mentres que os máis baixos acostuman acadar os -5º C durante o período invernal (decembro, xaneiro). En canto ao réxime pluviométrico, a precipitación acumulada media ao longo do ano flutúa na maior parte do territorio incluído no parque natural entre os 800 e os 1.600 mm, aínda que nos vales máis encaixados e de menor altitude a precipitación anual estímase que pode situarse por debaixo dos 600 mm. As chuvias máis abundantes prodúcense no outono e inverno, sendo escasas no período estival.

A encaixada e profusa rede hidrolóxica do parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés intégrase totalmente na bacía do río Limia, o cal tras nacer en Galicia atopa a súa vía de saída cara a Portugal polos territorios do parque natural. A maior parte da lonxitude de tramos fluviais está formada por pequenos regatos de elevada pendente, que discorren en estreitos e profundos vales con traxectorias practicamente rectilíneas, e que na denominación local son denominados corgos ou corgas. Porén, o curso fluvial de maior envergadura que discorrre polo parque natural é o leito do río Limia, que chega a el tras recoller as augas da depresión da Limia, onde se situaba a hoxe desaparecida Lagoa de Antela. Ademais, cabe salientar os principais afluentes do río Limia dentro do espazo natural, como o río Salas, que forma o límite do parque na zona Nordeste; o río Castro Leboreiro, que é a fronteira natural entre Galicia e Portugal, e conforma o límite na zona oeste do parque; ou o río Caldo, o cal debe o seu nome ás surxencias termais que se encontran no seu trazado.

Dentro do parque natural atoparíanse presentes dous tipos de unidades de paisaxe: por unha banda, o amplo val do río Limia entraría dentro da denominada como «Chairas e vales interiores», vencellándoo á depresión de Xinzo (Bacía Alta do Limia), mentres que o resto do parque natural, situado a maior altitude e con maiores pendentes, pertencería á unidade das «Serras», en concreto ás Serras Galaico-Minhotas. En consecuencia, dous son os principais elementos da paisaxe do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, froito dun relevo formado por serras e depresións, o que o caracteriza como un territorio de fortes desniveis e contrastes topográficos. Por un lado, o perfil granítico destas serras, con abundantes afloramentos rochosos, confiren á paisaxe unha gran espectacularidade e singularidade. Por outra banda, as formas suaves e os espazos abertos das depresións alternan con sectores máis encaixados dalgúns vales. Cabe suliñar a extensa rede fluvial composta por un importante conxunto de ríos e corgas que favorecen a existencia de ribeiras que comportan un importante enriquecemento da paisaxe. A superficie forestal é a maioritaria, predominando as matogueiras, as cales sofren moitos incendios. Nas abas e nos vales persisten zonas arborizadas de superficie variable. Tamén este territorio ten un marcado carácter agrario, cos elementos típicos da paisaxe montesía rural en mosaico, alternando terreos de cultivo, prados e pequenos bosques.

O parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés inclúe un importante conxunto de tipos de hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE, albergando un total de 26 tipos (o 36% do total galego), dos cales 6 son considerados prioritarios, o que constitúe un 23% do total de hábitats albergados polo espazo, e un 33% do total de

prioritarios identificados en Galicia. Os grupos de hábitats mellor representados son o grupo 6 Formacións herbosas naturais e seminaturais, e o grupo 9 Bosques, contando cada un deles con 6 tiposprioritarios de hábitats, e resultando en ambos os dous casos que 2 deses hábitats son prioritarios: no primeiro caso os tipos son o Nat-2000 6220* *Pseudoestepas* de gramíneas e anuais da orde *Thero-Brachypodietea* e o Nat-2000 6230* Formacións herbáceas con *Nardus,* mentras que nos hábitats arborizados os tipos prioritarios son o Nat-2000 91D0* Turbeiras boscosas e o Nat-2000 91E0* Bosques aluviais. O resto de tipos prioritarios identificados no parque natural son os tipos asociados a medios turfófilos: Nat-2000 4020* Queirogais húmidos atlánticos de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix* e Nat-2000 7110* Turbeiras altas activas.

Entre o resto de tipos presentes, cabe suliñar a presenza de dous tipos lacunares: o Nat-2000 3130 Augas oligotróficas ou mesotróficas e o Nat-2000 3160 Lagos e charcas distróficos naturais, asociados a áreas cuminais con favorecemento de asolagamentos temporais, que provocan a existencia de pequenas lagoas e turbeiras, onde se atoparán presentes estes dous tipos. Tamén é salientable a presenza do tipo Nat-2000 4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con toxos, o cal posúe unha restrinxida presenza ao longo dos espazos de montaña de Galicia. Analogamente ao anterior, no tocante aos bosques cabe destacar a presenza dos tipos Nat-2000 9330 Sobreirais e Nat-2000 9340 Aciñeirais, de restrinxida distribución no conxunto da Rede Natura 2000 de Galicia.

3130 Augas oligotróficas ou mesotróficas.

3160 Lagos e charcas distróficos naturais.

3260 Ríos dos pisos basal a montano.

3270 Ríos de ribeiras lamacentas (*Chenopodion rubri p.p.* e de *Bidention p.p.*).

4020* Queirogais húmidos atlánticos de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.

4030 Queirogais secos europeos.

4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con toxos.

6220* Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde *Thero-Brachypodietea*.

6230* Formacións herbáceas con *Nardus.*

6410 Prados con Molinia.

6430 Megaforbios éutrofos higrófilos das orlas de chairas.

6510 Prados pobres de sega de baixa altitude.

6520 Prados de sega de montaña.

7110* Turbeiras altas activas.

7140 Mires de transición.

7150 Depresións sobre sustratos turbosos do *Rhynchosporion.*

8130 Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos.

8220 Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica.

8230 Rochedos silíceos con vexetación pioneira.

8310 Covas non explotadas polo turismo.

91D0* Turbeiras boscosas.

91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior.*

9230 Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.

9260 Soutos.

9330 Sobreirais.

9340 Aciñeirais.

O parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés alberga un total de 64 especies consideradas clave para a biodiversidade, das cales ningunha é considerada prioritaria. O grupo que posúe un maior número de especies é o das aves con 25 taxons, seguido do de flora con 17. Entre as especies presentes pódense citar *Iris boissieri, Macromia splendens* ou *Aquila chrysaetos*, consideradas en perigo de extinción no Catálogo galego de especies ameazadas.

Do conxunto de especies de flora de interese para a conservación presentes no parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, destaca a presenza de Veronica micrantha, incluída nos anexos II e IV da DC 92/43/CEE, e tipificada como vulnerable no Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA). Tamén é destacable a presenza de *Christella dentata*, incluida no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas (CNEA) e máis no CGEA como en perigo de extinción. Cabe subliñar que o grupo de flora é o máis numeroso dos incluidos no CGEA, contando cun total de 17 especies, 8 das cales se consideran en perigo de extinción.

Con respecto aos animais, as aves son, con moita diferenza, o grupo que conta con maior número de efectivos, incluíndo 24 especies no anexo I da DC 79/409/CEE. Boa mostra da relevancia deste grupo son as 101 especies presentes no parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés que se inclúen no CNEA, destacando *Circus pygargus, Hieraaetus fasciatus, Milvus milvus, Neophron percnopterus* e *Pandion haliaetus* como *Vulnerables*. Das anteriores, o milano real (*Milvus milvus*), xunto á águia real (*Aquila chrysaetos*) e á becacina pequena (*Gallinago gallinago*), son tipificadas no CGEA como en perigo de extinción, xunto a outras 5 consideradas vulnerables.

Pola contra, os invertebrados e os peixes soamente presentan cada un tres especies incluídas nos anexos da 92/43/CEE, estando todas excepto *Barbus bocagei* no anexo II da devandita directiva. Entre elas destaca *Macromia splendens*, considerada en perigo de extinción no CNEA e no CGEA.

Os hérpetos de interese comunitario están compostos por un conxunto de 9 especies, das cales Chioglossa lusitanica, *Discoglossus galganoi* e *Lacerta schreiberi* se atopan incluídas no anexo II da DC 92/43/CEE, acompañando a estas no anexo IV todas as restantes salvo Rana perezi, do anexo V. O conxunto de herpetofauna incluída no CNEA ascende a 18 taxons, ainda que todos incluídos na categoría de interese especial, mentres que no CGEA son 3 as especies consideradas: *Chioglossa lusitanica, Rana iberica* e *Iberolacerta monticola*, todas elas como vulnerables.

Pola súa parte, os mamíferos incluídos nalgún dos anexos da DC 92/43/CEE ascenden a un total de 12, dos cales 5 se atopan no anexo II, mentres que 4 se inclúen no anexo V, e o resto (xunto a todos os do anexo II) no anexo IV. O CNEA considera como de interese especial a 8 especies de mamíferos presentes no parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, mentres que o morcego grande de ferradura (*Rhinolophus ferrumequinum*) o inclúe na categoría vulnerable.

Artigo 9º.-*Categoría de protección.*

1. O Decreto 29/1993, do 11 de febreiro, declara o parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés.

2. Por medio da Decisión 2008/23/CE da Comisión, do 12 de novembro de 2007, pola que se adopta, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, unha primeira lista actualizada de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica (DOUE L 12 do 15-1-2008), o espazo natural protexido A Baixa Limia queda designado como lugar de importancia comunitaria.

3. O Decreto 72/2004, do 2 de abril, declaraba ao LIC Baixa Limia (ES1130001) como zona de especial protección dos valores naturais (ZEPVN), de acordo co establecido na Lei 9/2001, abranguindo este ENP unha superficie de 33.920 ha. Os límites da ZEPVN son coincidentes cos publicados na Resolución do 30 de abril de 2004, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, na que se recollen os límites dos espazos protexidos declarados zonas de especial protección dos valores naturais mediante o Decreto 72/2004.

4. Tamén no Decreto 72/2004 se declaraba a ZEPA Baixa Limia-Serra do Xurés (ES0000376), de 31.287 ha, distribuídas nos concellos de Quintela de Leirado, Verea, Bande, Lobeira, Muíños, Lobios, Entrimo e Calvos de Randín. Analogamente ao disposto no punto 2 deste artigo, a ZEPA pasaba a ser ZEPVN, publicándose os seus límites na Resolución do 30 de abril de 2004, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, en que se recollen os límites dos espazos protexidos declarados zonas de especial protección dos valores naturais mediante o Decreto 72/2004.

5. Na actualidade, a UNESCO conta cunha petición de que sexa incluído na Rede Mundial de Reservas da Biosfera o territorio ocupado polo parque transfronteirizo conformado pola Peneda do Gerês (na parte portuguesa) e da Baixa Limia-Serra do Xurés (en Galicia), e que abranguiría unha superficie de case 260.000 ha, converténdose na primeira reserva da biosfera transfronteiriza da península ibérica. A intención é poñer en valor un grande espazo natural entre ambos os países, cabendo a posibilidade de ser declarado, así mesmo, como parque internacional ao amparo das reformas legais propostas por España e por Portugal.

Artigo 10º.-*Obxectivos de conservación do espazo natural protexido.*

Este Plan de ordenación dos recursos naturais do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés ten como obxectivos:

1. A conservación da biodiversidade a través do mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais, garantindo o mantemento das paisaxes, os medios ecolóxicos e os hábitats, así como a conexión das poboacións de fauna e flora silvestres e preservando a diversidade xenética.

2. Contribuír a garantir a biodiversidade mediante o establecemento de medidas de xestión para o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable dos tipos de hábitats naturais salientados no anexo I da DC 92/43/CEE e das poboacións e dos hábitats das especies silvestres de flora e fauna dos anexos II e IV da DC 92/43/CEE, xunto coas especies de aves, e de forma concreta as salientadas no I da DC 79/409/CEE, e as especies de aves migratorias. Así como os núcleos poboacionais e os hábitats das especies incluídas no Catálogo nacional de especies ameazadas e no Catálogo galego de especies ameazadas.

3. Integrar os obxectivos concretos de conservación coas exixencias económicas, sociais e culturais, así como coas particularidades territoriais dos diferentes espazos que integran o parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés de tal xeito que sen pór en risco os valores naturais do territorio se poida asegurar o desenvolvemento social e económico que mellore a calidade de vida da poboación residente.

4. Propiciar o desenvolvemento sustentable, favorecendo os usos e aproveitamentos respectuosos ambiente. Este uso debe ser compatible co mantemento dos ecosistemas e non reducir a viabilidade dos outros recursos aos que se asociasen, nin minguar as posibilidades de aproveitamento e desfrute destes ás xeracións vindeiras.

5. A regulación das actividades, proxectos e plans susceptibles de afectar, de forma apreciable, a integridade dos espazos, ou das súas compoñentes (hábitats e especies), en coherencia co artigo 6 da DC 92/43/CEE e acorde coa lexislación vixente.

## TÍTULO III
## ZONIFICACIÓN

Artigo 11º.-*Xustificación.*

O sistema de zonificación establecido neste PORN adopta un sistema xerarquizado de zonas como ferra-

menta básica para a planificación e xestión dos compoñentes da biodiversidade co fin de asegurar os obxectivos de conservación e uso sustentable dos recursos naturais do espazo natural protexido. Neste PORN establécese unha zonificación consistente en catro categorías acordes coas establecidas no Plan director de ordenación dos recursos naturais e do medio físico da Rede Natura 2000: zona de reserva, zona de interese prioritario para a conservación, zona de uso restrinxido e zona de uso xeral.

As zonas propostas constitúen unha adaptación das designadas no Plan director de parques nacionais, tendo en conta as características territoriais, socioeconómicas e aos valores de conservación da Rede Natura 2000 en Galicia, seguindo, para tal efecto, a nomenclatura e características definidas no borrador do Plan director de ordenación dos recursos naturais e do medio físico da Rede Natura 2000 de Galicia. En consecuencia, adáptanse as unidades de zonificación definidas no Decreto 32/1993, de aprobación do PORN do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, ás descritas neste plan, zonificando, así mesmo, as áreas da ampliación indicadas no anexo II deste decreto.

Artigo 12º.-*Delimitación das zonas.*

1. A zona de interese prioritario para a Conservación (ZPDG-A), abrangue 9.503,51 ha (o 30,4% do parque natural), e correspóndense coa zona de reserva integral e a zona de protección especial establecidas no Decreto 32/1993, de aprobación do Plan de ordenación dos recursos naturais, así como noutras dúas áreas conformadas por hábitats prioritarios pertencentes aos concellos de Bande e Calvos de Randín. Dentro desta zona de interese prioritario para a conservación, diferéncianse dúas subzonas:

A ZPDG-A1 correspondente aos seguintes enclaves: Alta Serra do Xurés en Lobios e Muíños, o Barranco de Cruz do Touro en Lobios e o Barranco de Olelas en Entrimo.

A ZPDG-A2 engloba os territorios que se expoñen a continuación: unha franxa de protección de lonxitude variable nas ladeiras da Serra do Xurés en Lobios e Muíños, Serra de Santa Eufemia en Lobios, zonas altas da Serra do Quinxo e Serra de Queguas en Entrimo, así como nas dúas áreas conformadas por hábitats prioritarios pertencentes aos concellos de Bande e Calvos de Randín.

2. A zona de uso restrinxido (ZPDG-B), correspóndense coa zona de rexeneración forestal establecida no Decreto 32/1993 de aprobación do Plan de ordenación dos recursos naturais, xunto con outros territorios incluídos na nova delimitación do parque natural, sumando entre todos eles un total de 9.942,99 ha, o que representa o 33,4% do espazo.

3. A zona de uso moderado (ZPDG-C), é a zona que maior superficie comprende, con un total de 9.968,04 ha, o que supón o 33,5% do parque natural. Correspóndense coa zona de cultivos establecida no Decreto 32/1993, de aprobación do Plan de ordenación dos recursos naturais, xunto con outros territorios incluídos na nova delimitación do parque natural.

4. Zona de uso xeral (ZPDG-D). Correspóndese coa zona de masas de augas artificiais, as zonas de servizos e os núcleos rurais e urbanos, establecida no Plan de ordenación dos recursos naturais, segundo o Decreto 32/1993, de aprobación do Plan de ordenación dos recursos naturais, xunto con outros territorios incluídos na nova delimitación do parque natural. Abrangue un total de 798,08 ha, o que representa o 2,7% do parque natural, sendo esta a zona que menor superficie abrangue dentro da delimitación do parque natural.

## Título IV
## Medidas de xestión

Artigo 13º.-*Instrumentos de ordenación.*

De acordo cos obxectivos de conservación, e unha vez identificados os principais compoñentes e valores do espazo natural, así como as principais afeccións e ameazas, procédense a definir os obxectivos e directrices que se adoptarán na ordenación dos usos e das actividades que se van desenvolver no espazo natural obxecto deste plan. A orientación principal da ordenación será o mantemento nun estado de conservación favorable da biodiversidade de cada espazo e, en especial, dos tipos de hábitats e das especies de maior significación existentes neste. As necesidades de conservación e restauración deberán compatibilizarse cos aproveitamentos tradicionais, cuxo mantemento é fundamental para garantir o desenvolvemento das comunidades que viven neste territorio. Para a súa consecución, este plan apóiase nos seguintes instrumentos:

1) Unha zonificación do territorio comprendido polo espazo natural, de carácter homoxéneo para o conxunto da rede de espazos, a partir da cal se definen as diferentes categorías de protección que condicionen os usos, aproveitamentos e actuacións en cada unha delas.

2) Unha regulación de usos e actividades, co fin de garantir os obxectivos de conservación, propostos pola DC 92/43/CEE e a DC/79/409/CEE, así como na normativa de ámbito estatal (Lei 42/2007) e autonómica (Lei 9/2001). Regulación que se establece de forma xenérica para todo o ámbito do espazo natural, ou ben de forma específica para as diferentes unidades territoriais fixadas na zonificación do espazo (zonas).

Este plan articula as directrices e normativas de xestión en dous niveis: unha normativa derivada da consideración do territorio como espazo protexido da Rede Natura 2000 e da Rede Galega de Espazos Protexidos, e designada como Medidas xerais de xestión, que derivan das normativas de ámbito europeo (DC 79/409/CEE, DC 92/43/CEE, DC 2000/60/CE), estatal (Lei 42/2007) e autonómico (Lei 9/2001), acordes cos criterios que se establecen no borrador do Plan

director de ordenación dos recursos naturais e do medio físico da Rede Natura 2000 de Galicia. A normativa derivada da condición do territorio obxecto deste plan, como espazo protexido da Rede Natura 2000, complétase cun conxunto de medidas específicas para o parque, designadas como Medidas de xestión específicas do parque natural.

A formulación das normativas de ordenación e xestión, en relación con plans, proxectos e actividades que, sen ter relación directa coas necesidades de xestión, puidesen provocar unha afección significativa sobre a integridade do espazo ou dos seus compoñentes, realízase en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE (Directiva Hábitats), así como pola propia normativa de impacto ambiental. Isto permite incrementar a seguridade xurídica de certas actividades e, en concreto, daquelas de carácter tradicional, vinculadas ao sector primario (agricultura, gandaría, montes, etc.), promovéndose aquelas de carácter sustentable.

Os posibles usos e aproveitamentos dos recursos naturais terán a consideración de permitidos, autorizables e non permitidos en función da súa incidencia sobre os valores que motivaron a súa declaración.

Considérase uso permitido calquera actividade compatible cos obxectivos da declaración do espazo natural, como integrante da Rede Galega de Espazos Protexidos e da Rede Natura 2000. Pode, polo tanto, desenvolverse sen limitacións especiais, ben na súa totalidade, ou ben nas áreas onde a categoría de zonificación así o permita.

Considérase uso autorizable, aquel uso que, baixo determinadas condicións, é compatible con obxectivos de conservación do espazo natural e dos compoñentes clave da biodiversidade, ao non levar consigo unha deterioración significativa, a curto ou medio prazo, dos seus valores. O organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza avaliará o grao de significación da actividade e poderá autorizala tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión, propoñendo, se é o caso, medidas preventivas e compensatorias, co fin de asegurar que a mencionada actividade non alcance os límites establecidos no número 6.3º da DC 92/43/CEE e na Lei 42/2007.

Dentro da categoría de uso autorizable inclúense tamén actividades que, sen ter unha relación directa coa xestión dos espazos da Rede Natura 2000 ou sen ser necesarias para esta, poidan afectar de forma significativa os citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos. Estas actividades, de acordo co artigo 6.3º da DC 92/43/CEE, someteranse a unha axeitada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os seus obxectivos de conservación. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar, e supeditado ao disposto no número 6.4º da mencionada directiva, o organismo competente en materia de ambiente e conservación da natureza só se declarará de acordo co devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública.

Considérase uso non permitido ou prohibido aquel contrario aos obxectivos de conservación e que, por conseguinte, leva consigo unha afección significativa sobre a integridade do espazo natural ou sobre o estado de conservación dos compoñentes clave para a biodiversidade (hábitats e especies protexidas).

Cando, de acordo coa lexislación sectorial vixente, as actividades descritas como de uso permitido ou autorizable neste plan se deban someter á autorización de calquera organismo da administración, enténdese que ben que estas entidades son as competentes para a expedición da autorización, esta deberá supeditarse ás condicións establecidas para cada tipo de actividade no ámbito deste plan. Deberán comunicar ao organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza a solicitude e, se así o especificase a normativa deste plan, solicitar o informe preceptivo do devandito organismo.

## CAPÍTULO I
## MEDIDAS XERAIS DE XESTIÓN

Artigo 14º.-*Xerarquización dos instrumentos xerais de xestión.*

As medidas de xestión para o parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés e para a Rede Galega de Espazos Protexidos inclúen tres subniveis. O primeiro correspóndese cunha normativa xeral de ordenación e xestión, que marca o desenvolvemento das actuacións nos espazos protexidos do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, así como das políticas sectoriais que incidan sobre estes e sobre os seus valores. Nun segundo subnivel desenvólvese a normativa para cada un dos compoñentes que conforman os espazos protexidos do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, definindo en consecuencia obxectivos, directivas e normas de aplicación das principais actividades e proxectos. A normativa por compoñentes inclúe obxectivos, directrices e normas elaboradas a partir da lexislación sectorial vixente. O terceiro subnivel vén marcado pola normativa zonal específica, de modo que para cada unha das unidades de zonificación, e delimitadas no parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, en función da expresión territorial dos compoñentes da biodiversidade, se propón un réxime de ordenación e xestión específico, que responde, en consecuencia, ás diferentes necesidades de conservación e xestión, e a diferentes graos de aproveitamento dos recursos naturais.

### SECCIÓN PRIMEIRA
### MEDIDAS E NORMATIVA XERAL

Artigo 15º.-*Normativa xeral.*

A normativa de ordenación e xestión marca o desenvolvemento das actuacións nos espazos protexidos así

como das políticas sectoriais que incidan sobre estes e sobre os seus valores. A normativa elaborarase a partir dos obxectivos e criterios orientadores derivados da normativa comunitaria (DC 79/409/CEE, DC 85/337/CEE, DC 92/43/CEE, DC 97/11/CE, DC 2000/60/CE), estatal (Lei 9/2006, Lei 42/2007, Real decreto lexislativo 1/2008) e autonómica (Lei 10/1995, Lei 9/2001, Lei 9/2002, Lei 7/2008), xunto con criterios propios relativos á exclusión ou, se é o caso, á regulación de determinadas actividades.

Artigo 16º.-*Directrices de ordenación e xestión.*

1. Promoverase un uso sustentable do territorio favorecendo aquelas actividades e aproveitamentos respectuosos cos valores naturais presentes e á súa diversidade ecolóxica e paisaxística.

2. Fomentarase a utilización dos compoñentes naturais do espazo dun modo e a un ritmo que non ocasione a diminución a longo prazo da biodiversidade, de modo que se aseguren as posibilidades de satisfacer as necesidades e as aspiracións das xeracións actuais e futuras.

3. Integraranse os obxectivos concretos de conservación coas exixencias económicas, sociais e culturais, de tal xeito que sen pór en risco os valores naturais do territorio se poida asegurar o desenvolvemento social e económico que mellore a calidade de vida da poboación residente.

4. Velarase polo mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos ecosistemas.

5. Velarase pola preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais e da paisaxe, evitando ou, se é o caso, minimizando a súa degradación.

6. Darase preferencia ás medidas de conservación, preservación e restauración dos hábitats naturais e seminaturais, facendo especial fincapé naqueles considerados como prioritarios ou de interese comunitario.

7. Fomentaranse aquelas actividades tradicionais que aseguren o mantemento da diversidade biolóxica e paisaxística do territorio.

8. Darase preferencia ás medidas de conservación, preservación e recuperación das especies silvestres de flora e fauna, facendo especial fincapé naquelas consideradas como protexidas por normativas internacionais, comunitarias, nacionais ou galegas.

9. Concederase prioridade á protección das especies de interese para a conservación, ás especies endémicas ou que posúan unha área de distribución limitada, así como ás especies de fauna migratoria.

10. Darase preferencia á conservación da diversidade xenética das poboacións silvestres de flora e fauna, así como ao mantemento ou, se é o caso, á recuperación de razas, variedades e cultivares tradicionais que formen parte dos sistemas tradicionais de aproveitamento agrícola, gandeiro ou forestal.

11. Mellorarase a calidade de vida dos habitantes do espazo natural mediante a adopción de medidas de dinamización e desenvolvemento económico, dirixidas especialmente ás actividades relacionadas co uso público, o turismo e o aproveitamento sustentable dos recursos naturais.

12. As actividades e actuacións que se desenvolvan no espazo natural procurarán o mantemento dos reservorios naturais de carbono existentes no espazo natural, a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, así como unha maior eficiencia no gasto dos recursos renovables e no control integral dos residuos e produtos contaminantes.

13. Elaborarase un programa de seguimento da realidade económica, sociolóxica e natural do espazo natural co fin de poder avaliar axeitadamente a repercusión de programas e proxectos sobre as características naturais do espazo.

14. Farase promoción do coñecemento dos valores naturais e culturais do espazo natural a través da coordinación con outras administracións, a comunidade científica e a poboación local.

Artigo 17º.-*Alcance e ámbito de aplicación.*

1. Este plan prevalecerá sobre calquera outro instrumento de ordenación territorial ou física. As disposicións establecidas neste plan constituirán un límite para os devanditos instrumentos, non podendo alteralas ou modificalas e aplicaranse, en todo caso, prevalecendo sobre os instrumentos de ordenación preexistentes.

2. Cando os instrumentos de ordenación territorial, urbanística, de recursos naturais e, en xeral, física, existentes resulten contraditorios con este plan deberán adaptarse a este. En canto a devandita adaptación non teña lugar, as determinacións do plan aplicaranse, en todo caso, prevalecendo sobre os devanditos instrumentos.

3. Así mesmo, o plan será determinante respecto de calquera outras actuacións, plans ou programas sectoriais, sen prexuízo do que dispoña ao respecto a lexislación autonómica. As actuacións, plans ou programas sectoriais só poderán contradicir ou non acoller o contido do plan por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, en cuxo caso a decisión deberá motivarse e facerse pública.

4. O plan desenvolve as directrices en función das súas características morfolóxicas, agrícolas, gandeiras, forestais, paisaxísticas ou ecolóxicas diferenciadas, que exixan unha consideración e tratamento unitarios, fortalecendo o desenvolvemento económico e social no ámbito do desenvolvemento sustentable.

Artigo 18º.-*Normativa xeral.*

1. En caso de conflito entre distintas normativas, o organismo autonómico competente en materia de

ambiente e conservación da natureza aplicará aquela que mellor garanta os obxectivos de conservación do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés.

2. As autorizacións outorgadas polo organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza formularanse de acordo co artigo 6 da DC 92/43/CEE (trasposto ao ordenamento xurídico español na Lei 42/2007) e en coherencia cos obxectivos e directrices recollidos neste plan.

3. Cando, de acordo coa lexislación sectorial vixente, as actividades descritas como de uso autorizable neste plan deban someter a autorización de calquera organismo da Administración, enténdese que ben que estas entidades son as competentes para a expedición da autorización, esta deberá supeditarse ás condicións establecidas para cada tipo de actividade no ámbito deste plan.

Artigo 19º.-*Usos autorizables.*

1. Considéranse usos autorizables todas aquelas actividades directamente relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública ou con outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde, ou ben que poidan ser obxectivamente consideradas como acciones positivas de primordial importancia para o ambiente. Sempre que cumpran co disposto no artigo 6 da DC 92/43/CEE.

2. Considéranse usos autorizables aqueles usos que, baixo determinadas condicións e tras a obtención das correspondentes autorizacións dos organismos ou administracións competentes, así como a autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza, poden ser executados ao ser considerados compatibles cos obxectivos de conservación do espazo e dos compoñentes clave da biodiversidade, ao non levar consigo unha deterioración significativa, a curto ou medio prazo, dos seus valores.

3. O organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza avaliará o grao de significación da actividade e poderá autorizala tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión, propoñendo, se é o caso, medidas preventivas e compensatorias, co fin de asegurar que a mencionada actividade non alcance os límites establecidos no número 6.3º da DC 92/43/CEE.

4. Dentro da categoría de uso autorizable inclúense tamén actividades que, sen ter unha relación directa coa xestión do espazo natural ou sen ser necesario para esta, poidan afectar de forma significativa o citado lugar, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos. Estas actividades, de acordo co artigo 6.3º da DC 92/43/CEE, someteranse a unha axeitada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os seus obxectivos. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar e supeditado ao disposto no artigo 6.4º da mencionada directiva, o organismo competente en materia de ambiente e conservación da natureza, só se declarará de acordo co devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública.

5. Se, malia as das conclusións negativas da avaliación das repercusións sobre o lugar e a falta de solucións alternativas, se debese realizar un plan ou proxecto por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, incluídas razóns de índole social ou económica, as administracións públicas competentes en materia de conservación da natureza, de acordo co artigo 6.4º da DC 92/43/CEE (artigo 45 da Lei 42/2007), tomarán cantas medidas compensatorias sexan necesarias para garantir a protección do espazo natural.

### SECCIÓN SEGUNDA
### MEDIDAS E NORMATIVA POR COMPOÑENTES E ACTIVIDADES

Artigo 20º.-*Disposicións xerais.*

As medidas e normativa por compoñentes establécense a partir dos obxectivos, directrices e normas xerais establecidos: na Directiva 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril, de conservación das aves silvestres; na Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres; na Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas; na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e biodiversidade; na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe; no Real decreto lexislativo 1/2001 polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas e na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza de Galicia.

Artigo 21º.-*Atmosfera.*

1. Obxectivos.

1. Procurar manter a calidade do aire, limitando no espazo natural a emisión de substancias contaminantes en concentracións tales que modifiquen a calidade do aire por enriba dos niveis autorizados.

2. Vixiar o cumprimento da normativa de carácter comunitario, estatal e autonómica relativa ás emisións atmosféricas de po, olores e ruído, producidos polas distintas actividades que se desenvolven no ámbito do espazo natural.

3. Controlar os niveis de elementos contaminantes presentes no espazo natural.

2. Directrices.

1. Promoveranse as medidas correctoras necesarias para minimizar ou, se é o caso, eliminar as fontes de emisión de olores desagradables ou ruídos molestos.

2. Promoveranse as medidas correctoras necesarias para minimizar os efectos da contaminación lumínica.

3. Nas novas instalacións ou infraestruturas evitarase a emisión de luz directa cara ao ceo e evitaranse excesos nos niveis de iluminación.

3. Normativa xeral.

1. Con carácter xeral, e en materia de contaminación atmosférica, seguirase o disposto na lexislación vixente respecto á protección do ambiente atmosférico, así como ás diferentes disposicións sectoriais.

2. Evitarase a emisión de niveis de ruído inxustificados, contrarios ás disposicións vixentes e aos obxectivos deste plan, que perturben significativamente a tranquilidade das poboacións e das especies animais de interese para a conservación no ámbito do espazo natural.

Artigo 22º.-*Xea.*

1. Obxectivos.

1. Conservar os recursos da xea e promover o seu aproveitamento sustentable.

2. Establecer medidas preventivas para impedir a progresiva perda de solo.

3. Os usos e aproveitamentos do solo velarán por manter ou aumentar a capacidade de secuestro de carbono, dada a súa importancia na mitigación dos efectos derivados do cambio climático global.

2. Directrices.

1. Velarase por manter as características químicas, estruturais e de textura dos solos, das que depende en boa medida a súa vexetación, e para evitar a aparición de fenómenos erosivos por causas antrópicas.

2. Tenderanse a conservar aquelas superficies con pendente superior ao 50% sobre as que se desenvolvan hábitats naturais ou, se é o caso, plantacións forestais.

3. A utilización do solo con fins agrícolas, forestais e gandeiros deberá realizarse de forma sustentable, para asegurar o mantemento do seu potencial biolóxico e da súa capacidade produtiva.

4. Realizaranse xestións para que todas as actividades extractivas existentes dispoñan dos plans de restauración pertinentes e velarase polo seu cumprimento.

5. Os plans de restauración mineira terán como obxectivos preferentes a recuperación paisaxística, así como a recuperación dos hábitats de interese comunitario e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

6. Inventariaranse e diagnosticaranse os recursos xeolóxicos e xeomorfolóxicos e adoptaranse as medidas que sexan precisas para a súa protección e conservación.

7. Nas autorizacións e nos procedementos de avaliación ambiental teranse en consideración as singularidades xeolóxicas e xeomorfolóxicas do territorio, especialmente naquelas áreas incluídas no inventario de espazos de interese xeomorfolóxico, tanto en función ao seu valor intrínseco (xeodiversidade), como ao constituír unha parte esencial de diversos tipos de hábitats de interese comunitario e prioritario (biodiversidade), promovendo a súa conservación, ou no seu caso establecendo medidas compensatorias co fin de reducir o impacto sobre estes.

3. Normativa xeral.

1. Con carácter xeral, permítese a modificación da configuración, estrutura e propiedades do solo relacionada coas actividades tradicionais de carácter agrícola ou vinculadas con actividades construtivas, cando se realicen de acordo coas regulacións recollidas neste plan, así como conforme as normativas sectoriais.

2. Son usos autorizables os aproveitamentos mineiros con concesión existentes con anterioridade á aprobación deste plan, debendo realizarse a súa actividade conforme as normativas sectoriais e de acordo cos criterios establecidos neste plan.

3. Considérase uso autorizable a extracción de pedra solta realizada polos propietarios dos predios para a realización de obras domésticas, sempre e cando estas non supoñan unha mingua significativa sobre os valores e compoñentes do espazo natural.

4. A recolección de pequenas cantidades de rochas, minerais ou fósiles para coleccionismo, fins científicos ou educativos deberá contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza.

5. A realización de actuacións que poidan supor a modificación do estado actual do solo ou o inicio de estados erosivos, tales como movementos de terra por medios mecánicos ou manuais, apertura de prospeccións, sondaxes, etc., deberán contar coa autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza.

6. Prohíbese a acumulación, depósito ou almacenamento de residuos radioactivos, tóxicos, perigosos ou calquera outro tipo de substancias altamente contaminantes agás naquelas áreas que poidan ser autorizadas para ese efecto.

7. A Xunta de Galicia velará polo cumprimento estrito dos plans de restauración mineira, dos plans anuais de labores, así como pola adopción das medidas correctoras e compensatorias establecidas no procedemento de avaliación ambiental dos proxectos extractivos en fase de execución.

Artigo 23º.-*Augas continentais.*

1. Obxectivos.

1. Establecer un marco para a protección das augas superficiais continentais e augas subterráneas

2. Previr toda deterioración adicional e protexer e mellorar o estado dos ecosistemas

3. Promover un uso sustentable da auga baseado na protección a longo prazo dos recursos hídricos dispoñibles.

4. Dar unha maior protección ao medio acuático con medidas específicas de redución progresiva ata a supresión total das verteduras e as emisións de substancias contaminantes.

5. Garantir a redución progresiva da contaminación da auga subterránea e evitar novas contaminacións; e contribuír a paliar os efectos das inundacións e as secas.

2. Directrices.

1. Preservarase a calidade da auga, tanto superficial como subterránea, e aseguraranse os caudais mínimos ecolóxicos.

2. O organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza velarán pola conservación das marxes, leitos e ribeiras dos cursos de auga así definidos pola lexislación de augas. A este respecto, minimizaranse os impactos que puidese producir a realización de obras que supoñan a modificación da estrutura ou vexetación característica destes elementos. Prestarase especial atención á protección das zonas húmidas.

3. Procurarase conseguir, no menor prazo posible, o axeitado tratamento de depuración para as verteduras, xa sexan urbanas, industriais, agrícolas ou gandeiras, e velarase en todo momento por manter a calidade de todas as augas que discorren polo espazo natural .

4. Estableceranse mecanismos de coordinación cos organismos de bacía para asegurar a eficacia das medidas de protección e actuación.

5. No tratamento das augas residuais tenderanse a cumprir os obxectivos de calidade máis estritos, desde o punto de vista ambiental, de entre as solucións técnicas existentes.

6. Para os efectos de conservación e planificación dos corredores fluviais e das zonas húmidas, consideraranse como límites territoriais os establecidos pola normativa vixente en relación coa zona de policía estipulada nas marxes ou, se é o caso, á porción das marxes que alberga representacións de hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE característicos de medios hidrófilos, higrófilos ou turbófilos.

7. Velarase para que as autorizacións de captacións e aproveitamentos de augas nas zonas húmidas ou na súa área de captación non supoñan unha afección significativa sobre os recursos hídricos das zonas húmidas e sobre o mantemento dos ecosistemas e comunidades de flora e fauna que estes albergan.

8. A Xunta de Galicia establecerá o parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés como área de actuación preferente para a execución de proxectos de saneamento e depuración de augas.

3. Normativa xeral.

1. As novas captacións de augas, así como a realización de sondaxes, deberán contar coa autorización do organismo competente en materia de ambiente e conservación da natureza, sen prexuízo das competencias do organismo de bacía ou outros organismos competentes nos diferentes ámbitos sectoriais.

2. Toda actuación, construción ou instalación, susceptible de provocar contaminación das augas do espazo natural, deberá posuír os sistemas de depuración conforme a normativa sectorial vixente, que deberán ser autorizados polo organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza.

3. As fosas sépticas deberán construírse de xeito que aseguren a súa estanquidade. A súa xestión debe realizarse, en todo momento, de acordo coa normativa sectorial vixente.

4. Evitarase a realización de calquera tipo de vertedura, así como a utilización de calquera tipo de substancia química que poida afectar significativamente a calidade das augas nacentes ou circulantes ou ao ciclo hidrolóxico do espazo natural, cando se realicen fóra dos lugares habilitados para tal efecto ou sexan contrarias ás condicións establecidas na lexislación vixente ou neste plan.

5. A alteración dos cursos, leitos e ribeiras, así como a modificación significativa do réxime dos cursos fluviais deberá contar coa autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza.

6. O desecamento ou sangrado de charcas, lagoas, turbeiras ou calquera outro tipo de zona húmida continental deberá contar coa autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza.

7. Evitaranse as acumulacións de materiais en ladeiras, barrancos ou leitos que poidan supoñer un obstáculo ao libre paso das augas, ou ben poidan ser orixe de procesos erosivos intensos ou que entrañen unha modificación das condicións hidráulicas e hidrolóxicas naturais.

Artigo 24º.-*Paisaxe.*

1. Obxectivos.

1. O recoñecemento, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe tal e como se prevé na vixente Lei 7/2008 co fin de preservar todos os elementos que configuran a paisaxe no marco do desenvolvemento sustentable, entendendo que esta exerce unha función principal de interese xeral nos campos ambientais, culturais, sociais e económicos.

2. Manter nun estado de conservación favorable os tipos de paisaxes existentes no espazo natural, así como fomentar as actividades tradicionais existentes para o mantemento dos compoñentes naturais que as configuran.

3. Mitigar os elementos artificiais que a nivel estrutural e funcional actúan como barreiras, así como fortalecer a conservación daqueles de carácter

natural ou seminatural que constitúen corredores ecolóxicos e que resultan esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies silvestres.

4. Nas actuacións susceptibles de alterar ou modificar as paisaxes do espazo natural teranse especialmente en conta as súas repercusións sobre a calidade paisaxística e adoptaranse cantas medidas sexan necesarias con obxecto de minimizar as consecuencias. En tal sentido, os proxectos que teñan especial incidencia sobre a paisaxe supervisaranse co obxecto de garantir o cumprimento do expresado neste punto.

2. Directrices.

1. Establecerase un programa de recuperación daquelas áreas que conteñan elementos da paisaxe degradados e priorizaranse as áreas de maior fraxilidade paisaxística.

2. Promoverase a calidade paisaxística alí onde fose deteriorada por accións humanas, como movementos de terra, actividades extractivas, cráteres de canteiras, apertura de pistas e camiños en función da dimensión da bacía visual afectada.

3. Procurarase evitar a introdución no medio natural de calquera elemento artificial que limite o campo visual ou rompa a harmonía da paisaxe.

4. Velarase polo mantemento do territorio do espazo natural libre de lixos, residuos e verteduras, eliminándose, en todo caso, os vertedoiros e entulleiras incontrolados.

5. O impacto paisaxístico deberá ser especialmente tido en conta nos proxectos de infraestruturas lineais e nas actuacións realizadas en áreas de alta visibilidade.

6. En aplicación da Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia, o organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza identificará os elementos e singularidades da paisaxe que deban ser preservados, e delimitará o seu ámbito de protección en función da bacía visual.

7. A Xunta de Galicia establecerá como áreas de actuación preferente para o fomento do desenvolvemento sustentable no medio rural e a rehabilitación de núcleos rurais os espazos e núcleos rurais incluídos na Rede Natura.

3. Normativa xeral.

1. A introdución de calquera elemento estrutural de carácter artificial que altere de maneira significativa a paisaxe natural ou desfigure as súas formas e perspectiva e modifique o seu valor estético deberá contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza.

2. A instalación de carteis, inscricións ou elementos de calquera natureza con fin publicitario, fóra dos núcleos de poboación ou fóra das áreas autorizadas para tal fin, deberá contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza.

3. Conforme o disposto na Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia, todos os proxectos que deban someterse á avaliación de impacto ambiental deberán incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística.

4. A Xunta de Galicia promoverá nestes espazos a elaboración de plans de acción específicos en materia de protección, xestión e ordenación da paisaxe.

Artigo 25º.-*Hábitats naturais.*

1. Obxectivos.

1. Manter nun estado de conservación favorable os hábitats prioritarios e de interese comunitario establecidos no anexo I da DC 92/43/CEE.

2. Regular e fomentar o uso sustentable dos hábitats naturais e seminaturais e, de xeito especial, daqueles que posúen unha área de distribución reducida no espazo natural.

3. Manter a integridade e conservar a funcionalidade das zonas húmidas que proporcionan o medio acuático vital para a reprodución de moitas especies da fauna ameazada.

2. Directrices.

1. Os criterios de xestión de hábitats e especies rexeranse, en ausencia de especificacións concretas, polo considerado no artigo 6 da DC/92/43/CEE.

2. Estableceranse medidas específicas de xestión para os hábitats de maior fraxilidade ecolóxica ou para aqueles que posúen unha escasa representación territorial no ámbito do espazo natural.

3. Darase prioridade, alí onde se presenten os hábitats incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE, á conservación e rexeneración natural destes fronte a calquera outro tipo de actuación.

4. Darase prioridade á conservación dos hábitats que alberguen áreas prioritarias de especies de flora ou fauna silvestre de interese para a conservación.

5. Darase prioridade á protección e conservación dos hábitats de especies de especial interese polo seu carácter endémico, a súa situación de ameaza ou por atoparse no límite da súa área de distribución.

6. Desenvolveranse un conxunto de indicadores que permitan analizar e avaliar o estado de conservación dos hábitats para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias.

7. Para os efectos de xestión do espazo natural, e cando non exista unha delimitación territorial concreta dos corredores fluviais e das zonas húmidas, considéranse como área mínima os límites do dominio público e máis a zona de servidume e policía, definidas na normativa básica sobre augas continen-

tais ou ben a área delimitada pola existencia de hábitats e especies características dos ecosistemas acuáticos e das zonas húmidas.

3. Normativa xeral.

1. As actuacións non vinculadas coas necesidades de conservación e xestión dos compoñentes da biodiversidade ou aquelas non previstas nos supostos de actividades autorizadas establecidas neste plan, que poidan afectar de maneira significativa, individualmente ou en combinación con outras actuacións, o espazo natural ou o estado de conservación dun tipo de hábitat incluído no anexo I da DC 92/43/CEE, deberán contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza. A mencionada autorización será outorgada tras unha axeitada avaliación das súas repercusións sobre o espazo natural de acordo co establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE.

2. O organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza velará para que o emprego de biocidas, así como de residuos urbanos, industriais ou calquera substancia química, se realice no espazo natural dun xeito racional e conforme coa normativa vixente.

3. O organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza someterá á avaliación ambiental os proxectos que inclúan:

-Actuacións (desecación, dragaxes, canalizacións, sangrados) que poidan levar consigo unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats lacunares (Nat-2000 3110, 3160), brañas e turbeiras (Nat-2000 4020*, 6230*, 7110*, 91D0*) ou corredores fluviais (Nat-2000 3260, 3270, 91E0*), así como cando promovan a canalización dos seus efluentes ou canles de alimentación.

-Os proxectos que inclúan a construción de vías, sendas ou outros elementos de carácter construtivo que afecten o estado de conservación dos hábitats do anexo I, ou a hábitats críticos para o mantemento de especies de interese para a conservación serán sometidos a avaliación ambiental. Esta mesma consideración aplicarase aos proxectos que inclúan unha modificación substancial de vías, sendas ou construcións existentes, en canto ás súas dimensións ou tipoloxía construtiva.

Artigo 26º.-*Flora e fauna silvestre.*

1. Obxectivos.

1. Manter ou, se é o caso, restaurar o estado de conservación das especies de flora e fauna e, en especial, das especies de interese para a conservación.

2. Regular e fomentar o uso sustentable das especies de flora e fauna silvestre e garantir que os aproveitamentos que se realicen sobre especies de interese para a conservación non leven consigo unha afección significativa sobre o seu estado de conservación.

3. Evitar a introdución e expansión de espécimes exóticos ou alóctonos no espazo natural e, explicitamente, daqueles de carácter invasor.

2. Directrices.

1. Velarase pola conservación das especies de fauna e flora silvestre do espazo natural.

2. Evitarase a desaparición de calquera especie autóctona e asegurarase a persistencia do seu hábitat.

3. Aplicaranse, se fose preciso, medidas de conservación e xestión das especies endémicas, ameazadas ou relictas.

4. Para as especies catalogadas elaboraranse e executaranse os correspondentes plans de recuperación ou conservación de acordo coas categorías establecidas na Lei de conservación da natureza.

5. Velarase pola pureza das poboacións e evitaranse introducir subespecies ou razas xeográficas distintas ás propias do espazo natural.

6. Tenderase á eliminación gradual das especies alóctonas existentes no espazo natural, evitando a introdución e propagación de especies alóctonas.

7. A xestión das especies con aproveitamento cinexético ou piscícola adaptarase aos obxectivos de conservación do espazo natural a través dos correspondentes plans técnicos de xestión, xa ben como plans de ordenación cinexética ou de ordenación e xestión da pesca fluvial .

8. Desenvolveranse un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación das poboacións de flora e fauna para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias.

9. A conservación das especies de flora e fauna silvestre presentes orientarase cara a aqueles elementos considerados como protexidos ou catalogados pola normativa comunitaria, estatal e autonómica, xunto cos elementos endémicos e raros a nivel bioxeográfico presentes no territorio.

3. Normativa xeral.

1. As actuacións, non vinculadas coas necesidades de conservación e xestión dos compoñentes da biodiversidade ou non previstas nos supostos de actividades autorizadas establecidas neste plan, que poidan afectar de forma apreciable, individualmente ou en combinación con outras actuacións, as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación deberán contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza. A mencionada autorización será outorgada tras unha axeitada avaliación das súas repercusións de acordo co establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE.

2. Con carácter xeral e tal e como vén recollido nas directivas comunitarias e na normativa específica

nacional e autonómica, queda prohibido dar morte, danar, molestar ou inquietar intencionadamente os animais silvestres, sexa cal sexa o método empregado ou a fase do seu ciclo biolóxico.

3. Evitarase a destrución ou deterioración significativa das formacións vexetais conformadas por especies silvestres que caracterizan os tipos de hábitats de interese comunitario.

4. Para as especies de flora e fauna silvestres non consideradas como especies de interese para a conservación, as limitacións ás que fan referencia os puntos 2 e 3 non se aplicarán nos supostos establecidos pola normativa xeral e zonal incluída neste plan, así como na lexislación e normativa que regula a agricultura, a gandaría, os aproveitamentos forestais, a pesca continental e a caza ou cando exista autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza

5. Para as especies silvestres de flora e fauna consideradas como de interese para a conservación, especies que figuran como protexidas nos anexos das directivas hábitats (DC 92/43/CEE) e aves (DC 79/409/CEE) e nos convenios internacionais ratificados por España, así como para as especies consideradas como en perigo de extinción ou vulnerables no Catálogo nacional de especies ameazadas (CNEA) ou no Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA), se terá en conta o disposto na lexislación actualmente vixente na materia.

6. A introdución de especies, subespecies ou razas xeográficas alóctonas de caracter invasor que poidan ser susceptibles de competir coas especies silvestres autóctonas, alterar a súa pureza xenética, afectar de forma apreciable o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou causar desequilibrios sobre os ecosistemas do espazo natural precisará da autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza ou cando esta se realice fóra dos lugares e das condicións establecidas para a súa explotación.

7. A liberación nomedio natural de organismos modificados xeneticamente baixo condicións que poidan alterar a pureza e diversidade xenética das poboacións naturais das especies autóctonas ou poñer en risco calquera outro valor natural do espazo natural precisará da autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza. En todo caso, establecerase un control específico para os organismos transxénicos.

8. O organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza poderá establecer medidas específicas para que o emprego de biocidas, así como de residuos urbanos, industriais, emendas ou calquera substancia química, se realice no espazo natural sen riscos para as poboacións de flora e fauna silvestre.

9. O organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza poderá desenvolver ou autorizar actuacións de control sobre aquelas poboacións de especies que ameacen o equilibrio dos ecosistemas.

10. A reintrodución de especies actualmente non presentes no espazo natural deberá contar co correspondente plan técnico que constará, como mínimo, dunha exposición de obxectivos, unha avaliación ambiental da incidencia da reintrodución e un plan de seguimento e control desa especie e deberá ser aprobado polo organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza.

11. A caza e a pesca en augas continentais realizarase sobre as especies que determine o organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza e, en ningún caso, poderá afectar as especies incluídas na lista de especies en réxime de protección especial, no Catálogo nacional de especies ameazadas, no Catálogo galego de especies ameazadas ou as prohibidas pola Unión Europea.

12. En todo caso, o exercicio da caza e a pesca continental regularase de modo que quede garantida a conservación das especies autorizadas. Para estes efectos o organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza determinará os terreos e as augas onde poderán realizarse estas actividades, así como as datas hábiles para cada especie.

13. Con carácter xeral, considerarase o disposto na vixente Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, sobre limitacións relacionadas coa actividade cinexética e acuícola en augas continentais.

Artigo 27º.-*Compoñentes culturais.*

1. Obxectivos.

1. Preservar o patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico existente no espazo natural e favorecer a súa investigación e posta en valor.

2. Difundir e divulgar os valores educativos do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico do espazo natural, a prol do enriquecemento cultural da sociedade no seu conxunto.

3. Promover o estudo, recuperación e emprego dos coñecementos tradicionais que sexan de interese para a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

2. Directrices.

1. De acordo coas normas, resolucións e principios do convenio sobre a diversidade biolóxica e da Organización Mundial da Propiedade Intelectual:

a) Preservaranse, manteranse e fomentaranse os coñecementos e as prácticas de utilización consuetudinaria que sexan de interese para a conservación

e o uso sustentable do patrimonio natural e da biodiversidade.

b) Promoverase que os beneficios derivados da utilización destes coñecementos e prácticas se compartan equitativamente.

c) Promoverase a realización de inventarios dos coñecementos tradicionais, relevantes para a conservación e o uso sustentable da biodiversidade e xeodiversidade, con especial atención aos etnobotánicos e etnozoolóxicos.

2. Velarase polo correcto estado de conservación dos bens integrantes do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico.

3. Regularase e controlarase o acceso do persoal investigador aos elementos do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico, co fin de proceder ao seu estudo.

4. Posibilitarase o acceso do público, na medida en que iso non afecte negativamente á súa conservación, aos elementos do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico e integraranse, cando sexa posible, na rede de espazos de uso público.

5. Elaborarase a infraestrutura informativa e educativa precisa (sinalizacións, paneis explicativos, folletos, etc.) para a necesaria posta en coñecemento do público dos valores do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico do espazo natural.

6. Realizaranse estudos descritivos das tipoloxías arquitectónicas tradicionais co obxecto de facilitar a súa rehabilitación e coñecemento e promoverase a protección e conservación das edificacións máis valiosas.

7. Elaborarse o estudo e recollida da microtoponimia existente xunto coa cartografía para a súa localización xeográfica, co fin de evitar a perda deste patrimonio cultural tan valioso que reflicte as localizacións precisas dos elementos singulares do patrimonio natural e cultural e, en particular, dos desaparecidos.

8. Promoverase o fomento das accións de revalorización, conservación e rehabilitación do patrimonio cultural do espazo natural, incluídas as festas populares e manifestacións folclóricas, en harmonía coa preservación dos recursos naturais.

3. Normativa xeral.

1. Os labores de prospección e escavación que, se é o caso, poidan autorizarse no espazo natural efectuaranse evitando ou minimizando as afeccións sobre os compoñentes da biodiversidade e, de forma especial, sobre os hábitats de interese comunitario e as especies de interese para a conservación.

2. As actuacións de restauración, consolidación, musealización ou, se é o caso, mantemento das áreas de interese patrimonial ou cultural do espazo natural adaptaranse ás características paisaxísticas de cada zona, co fin de evitar calquera tipo de afección significativa sobre os procesos ecolóxicos, os hábitats de interese comunitario e as especies de interese para a conservación.

Artigo 28º.-*Usos agropecuarios.*

1. Obxectivos.

1. A xestión agrícola e gandeira do espazo natural deberá primar os aproveitamentos e usos sustentables, de modo que se minimicen, cando non se eviten, as afeccións sobre os compoñentes clave do territorio: tipos de paisaxes, medios ecolóxicos, hábitats protexidos, núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación.

2. Contribuír ao desenvolvemento sustentable no medio rural e a mellora da calidade de vida das persoas residentes nestes espazos, conforme os obxectivos establecidos na Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural.

2. Directrices.

1. Promoveranse e manteranse as políticas agrarias que fomenten o mantemento nun estado de conservación favorable dos núcleos poboacionais e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, e priorizaranse aqueles compoñentes cuxa persistencia se atopa ligada ao mantemento dos sistemas de explotación tradicional de carácter agrícola ou gandeiro (aproveitamentos tradicionais e extensivos de brañas e matogueiras, mantemento dos prados de sega e dente, cultivos tradicionais de cereais, etc.).

2. Promoverase a adquisición e/ou arrendamento de predios, en áreas de especial relevancia ambiental, co fin de asegurar o mantemento, a medio ou longo prazo, dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación ou dos hábitats naturais e seminaturais de interese comunitario. Para estes efectos, terase en conta o disposto na Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia.

3. Fomentarase o mantemento da agricultura tradicional mediante a sinatura de acordos ou convenios contractuais cos titulares de terreos que se comprometan á aplicación de medidas agroambientais compatibles coa conservación dos hábitats de interese comunitario e/ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

4. Os criterios e medidas ambientais previstas nos contratos globais de explotación e as medidas agroambientais que promova o organismo autonómico competente en materia agraria e do medio rural definiranse en colaboración co organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza.

5. As explotacións incluídas no ámbito do espazo natural consideraranse como prioritarias para a con-

cesión de axudas á práctica de métodos agroambientais compatibles coa conservación das especies de interese para a conservación.

6. Velarase e promoverase a aplicación de códigos de boas prácticas, así como os criterios establecidos de eco-condicionalidade.

3. Normativa xeral.

1. Con carácter xeral permitiranse e, se é o caso, fomentaranse aqueles usos de carácter tradicional vinculados coas explotacións agrícolas e gandeiras existentes en cada espazo natural, que non leven consigo afeccións significativas sobre os hábitats de interese comunitario e as especies de interese para a conservación e que cumpran coa normativa sectorial vixente e coas disposicións deste plan, incluíndo entre elas:

1.1. O cultivo ou a cría dentro das explotacións agropecuarias de especies, subespecies, variedades ou razas representativas dos sistemas tradicionais de explotación agrícola ou gandeira existentes en Galicia.

1.2. O uso de xurros, fertilizantes e biocidas nos terreos de labor e nos pasteiros de carácter artificial, sempre e cando a súa aplicación non afecte negativamente os hábitats de interese comunitario existentes no seu ámbito, así como as poboacións de especies de interese para a conservación e sempre que se apliquen de maneira racional, de acordo coas vixentes normativas e co código de boas prácticas.

2. Coa finalidade de asegurar un uso sustentable dos recursos naturais e o propio mantemento das explotacións agropecuarias tradicionais, considéranse actuacións suxeitas a autorización por parte do organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza as seguintes:

-Os cambios de usos que supoñan a desaparición ou diminución significativa do estado de conservación (diminución da superficie, modificación da estrutura, cambios nas funcións ecolóxicas) dos tipos de hábitats de interese comunitario ou dos hábitats das especies de interese para a conservación.

-A eliminación de sebes e bosquetes nas áreas de aproveitamento agrícola ou gandeiro.

-O uso de biocidas. Exclúese desta consideración o uso de biocidas vinculados ao mantemento dos prados de sega (Nat-2000 6510, 6520), cando se realice conforme a normativa xeral vixente.

-A fumigación con equipamentos aéreos.

-A liberación no medio natural de organismos modificados xeneticamente.

-A introdución no parque natural de especies alóctonas de carácter invasor que poidan provocar unha alteración sobre o estado de conservación dos hábitats ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

-O depósito de lodos de depuradoras industriais ou urbanas, así como seu o emprego como fertilizantes ou emendas dos solos agrícolas.

3. As concentracións parcelarias ou proxectos similares que supoñan unha drástica modificación da paisaxe rural do espazo natural ou que afecten significativamente o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario e as especies de interese para a conservación, deberán someterse obrigatoriamente a avaliación de impacto ambiental, que se formulará conforme os criterios establecidos no artigo 6 da DC 92/43/CEE, tendo en conta os obxectivos de conservación establecidos neste plan e de acordo coa normativa sectorial vixente.

4. Evitarase o uso extensivo do lume na xestión e aproveitamento das superficies non arborizadas consideradas como hábitats de interese comunitario, salvo naquelas actuacións de xestión ou protección do biótopo que posúan autorización do organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza.

5. Nos terreos agrícolas e gandeiros procurarase respectar a vexetación autóctona de carácter natural ou seminatural establecida nos lindeiros de bosques e regueiros, así como as sebes arbustivas e arbóreas, as liñas de arboredo, os pequenos bosquetes e cantos elementos naturais poidan ser significativos para a conservación da biodiversidade e, en especial, da flora e fauna silvestre. Velarase, especialmente, polo mantemento daqueles elementos que:

-Sirvan de hábitat secundario, refuxio, cría ou alimentación de especies protexidas.

-Constitúan os últimos lugares de refuxio, cría ou alimentación para os elementos silvestres de flora e fauna, por perdurar en paisaxes agrarias ou gandeiras fortemente degradadas.

-Establezan corredores biolóxicos con ou entre áreas de maior naturalidade que eviten o illamento xenético das poboacións.

-Os cercados e valados en terreos rurais deberán construírse de tal xeito que non impidan a circulación da fauna silvestre axustándose á normativa sectorial e á prevista neste plan. Os cerramentos serán preferentemente vexetais, conformados por especies autóctonas, ou ben por muros de pedra, mantendo os tipos construtivos tradicionais de cada zona.

Artigo 29º.-*Usos forestais*.

1. Obxectivos.

1. A xestión forestal do espazo natural deberá primar os aproveitamentos e usos sustentables, de modo que se minimicen, cando non se eviten, as afeccións sobre os compoñentes clave do territorio: paisaxes, medios ecolóxicos, hábitats protexidos ou núcleos

poboacionais de especies de interese para a conservación.

2. Contribuír ao desenvolvemento sustentable no medio rural e á mellora da calidade de vida dos residentes nestes espazos conforme aos obxectivos establecidos na Lei 45/2007 para o desenvolvemento sustentable no medio rural.

2. Directrices.

1. Promoveranse as políticas forestais que fomenten o mantemento nun estado de conservación favorable dos núcleos poboacionais e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación e priorizaranse aqueles compoñentes cuxa persistencia se atopa ligada ao mantemento dos sistemas de explotación tradicional de carácter forestal (carballeiras, soutos, corredores fluviais, turbeiras, brañas, matogueiras, etc.).

2. Promoverase a adquisición e/ou arrendamento de terreos, en áreas de especial relevancia ambiental, co fin de asegurar o mantemento, a medio ou longo prazo, dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación ou dos hábitats naturais e seminaturais de interese comunitario. Para estes efectos, terase en conta o disposto na Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia.

3. Fomentarase o mantemento das explotacións forestais tradicionais mediante a sinatura de acordos ou convenios contractuais coas comunidades de montes e coas persoas titulares de terreos que se comprometan á aplicación de medidas ambientais compatibles coa conservación dos hábitats de interese comunitario e/ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

4. Os criterios e medidas ambientais previstas nos contratos globais de explotación e as medidas ambientais que promova o organismo autonómico competente en materia forestal e do medio rural definiranse en colaboración co organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza.

5. As explotacións incluídas no ámbito do espazo natural consideraranse prioritarias para a concesión de axudas á práctica de métodos agroambientais compatibles coa conservación das especies de interese para a conservación.

6. A xestión forestal deberá desenvolverse mediante proxectos de ordenación de montes e plans técnicos de xestión redactados conforme a Lei 43/2003, de montes. De acordo co artigo 32 desta lei, para a súa aprobación teranse en conta a diversidade e as necesidades de conservación dos hábitats naturais e seminaturais de interese comunitario, así como dos hábitats das especies de interese para a conservación e, por conseguinte, as directrices e normativas establecidas neste plan. Os usos e aproveitamentos que nestes documentos se prevexan non poderán supoñer, en ningún caso, unha redución significativa do estado de conservación destes hábitats, sobre todo daqueles considerados como prioritarios ou que presenten unha reducida cobertura ou elevada fraxilidade no espazo natural.

3. Normativa xeral.

1. Como norma xeral permítense aqueles usos de carácter tradicional vinculados coas explotacións forestais existentes no espazo natural, sempre e cando non leven consigo afeccións significativas sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario e das especies de interese para a conservación, e cumpran coas disposicións deste plan e coa normativa sectorial vixente.

2. O organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza, independentemente das regulacións que poida establecer o órgano forestal competente, poderá regular dentro do espazo natural ou denegar novas explotacións ou aproveitamentos, cando leven consigo unha afección significativa sobre o estado de conservación dos tipos de hábitats de bosques tipificados no anexo I da DC 92/43/CEE, así como sobre os hábitats das poboacións de especies de interese para a conservación, ou ben cando os aproveitamentos afecten a integridade do propio espazo natural, o mantemento dos valores paisaxísticos ou a conectividade entre os diferentes tipos de medios ecolóxicos.

3. Con carácter xeral considéranse usos permitidos:

-A recollida de folla, castañas, cogomelos, landras e doutros pequenos froitos por parte das persoas propietarias dos montes para o seu propio aproveitamento.

-A recollida de leña por parte das persoas propietarias dos montes para o seu propio aproveitamento.

4. En cumprimento do artigo 6 da DC 92/43/CEE e coa finalidade de asegurar o uso sustentable dos recursos naturais e o propio mantemento das explotacións forestais, o organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza considerará actividades suxeitas a autorización as seguintes:

-A introdución, plantación ou sementeira de especies exóticas non consideradas como especies de aproveitamento forestal nos correspondentes proxectos de ordenación de montes.

-A introdución, plantación ou sementeira de especies exóticas sobre hábitats de interese comunitario.

-A realización de rozas, sangrados, subsolados sobre queirogais húmidos (Nat-2000 4020 *) e turbeiras (Nat-2000 7110 *, 7130 *, 7140, 7150, 7210 *, 7220 *, 7230, 91D0*).

-O uso de calquera tipo de biocidas ou herbicidas sobre hábitats incluídos na DC 92/43/CEE ou sobre os hábitats das especies de interese para a conservación.

-A fumigación con equipamentos aéreos.

-A realización de aterrazamentos nos proxectos de plantacións forestais.

5. Tal e como se recolle na vixente normativa sectorial serán sometidos a avaliación ambiental:

-As primeiras repoboacións forestais de máis de 50 hectáreas, cando entrañen riscos de graves transformacións ecolóxicas de carácter negativo.

-As novas plantacións que poidan xerar unha afección significativa sobre a integridade do espazo natural, os hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

-As cortas a feito ou a matarrasa en superficies de máis de 10 ha de formacións exóticas.

-A destrución, subsolado, sangrado, rozas mecánicas que poidan levar consigo unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats lacunares (Nat-2000 3130, 3160), brañas e turbeiras (Nat-2000 4020*, 6230*, 7110*, 91D0*) ou corredores fluviais (Nat-2000 3260, 3270, 91E0*).

-Calquera outro tipo de aproveitamento madeireiro, non previsto na normativa que supoña a destrución ou alteración dos hábitats incluídos no anexo I da DC 92/43/CEE ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

6. Evitaranse no ámbito do espazo natural:

-As cortas a feito e a matarrasa sobre formacións arborizadas naturais e, especialmente, sobre aquelas incluídas dentro do anexo I da DC 92/43/CEE.

-As rozas ou laboreos mecánicos, así como os subsolados en liña de máxima pendente.

-A vertedura de xurros e residuos agrícolas ou industriais sobre o medio acuático, así como sobre o resto de hábitats de interese comunitario, a excepción dos diversos tipos de prados de sega previstos na DC 92/43/CEE, realizados de acordo coa normativa sectorial.

7. As actuacións obrigadas na Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia respecto ás liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica enténdense circunscritas ás especies arbóreas nela citadas, debéndose evitar a eliminación da vexetación arbustiva baixo estas liñas cando non haxa obriga de facelo, en aplicación estrita dos criterios que fixa a regulamentación electrotécnica vixente.

8. Calquera clase de obras destinadas á prevención de incendios forestais, que deban ser realizadas nos montes incluídos dentro do territorio comprendido polo espazo natural, deberán someterse con antelación á súa execución a un informe previo do organismo competente en materia de ambiente e conservación da natureza.

9. As autorizacións de aproveitamentos forestais deberán establecer as medidas precisas que aseguren o respecto do arboredo e a vexetación autóctona desenvolvida baixo a masa, así como o mantemento da diversidade de biótopos (afloramentos rochosos, regueiros, humidais).

10. Evitarase que as autorizacións de cortas leven consigo a desaparición de bosquetes ou a supresión de sebes arbóreas ou arbustivas nas áreas de uso agrícola ou gandeiro. O organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza poderá establecer limitacións co fin de garantir o mantemento deste tipo de hábitats.

11. Os traballos de control de pragas deberán ter en conta as seguintes consideracións:

-Non poderán ser empregados fitocidas e insecticidas agás casos de urxente necesidade.

-Permitirase o control biolóxico ou natural determinado pola comunidade internacional e coñecido como *Entomology Management* (sempre a través do procedemento de avaliación de impacto ambiental).

-Con carácter preferente, en labores de prevención e eliminación potenciarase o emprego de plantas cebos, loita biolóxica con uso de trampas de feromonas e, principalmente, a estabilización de poboacións de insectívoros mediante o uso de caixas niño, así como a protección dos dormideiros de quirópteros.

12. Evitaranse as cortas a feito ou a matarrasa sobre formacións arborizadas naturais e, especialmente, sobre aquelas incluídas dentro do anexo I da DC 92/43/CEE ou que alberguen áreas prioritarias de especies de interese para a conservación.

Artigo 30º.-*Ordenación territorial e urbanismo.*

1. Obxectivos.

1. Contribuír á ordenación e protección do medio rural, dos núcleos rurais de poboación que se sitúen no espazo natural, e do patrimonio rural.

2. Fomentar o desenvolvemento socioeconómico do territorio posibilitando a creación de novas áreas de expansión urbanística ou de equipamentos e servizos que non poñan en risco os valores naturais e paisaxísticos do espazo.

3. Garantir que os proxectos de actividades e obras, tanto de promoción pública como privada, prevexan desde o inicio a consideración dos posibles impactos ambientais, o estudo de alternativas, e as medidas correctoras e compensatorias necesarias para a minoración, se é o caso, dos efectos negativos producidos, así como a súa adecuación ecolóxica e paisaxística.

2. Directrices.

1. Este plan prevalece sobre o ordenamento urbanístico e a ordenación do territorio. Cando as súas determinacións sexan incompatibles coa normativa urbanística en vigor, os órganos competentes revisarán estas de oficio.

2. A clasificación do solo dentro do espazo natural adaptarase, a excepción do especificado neste plan, á normativa estatal e autonómica vixente, que rexerá a actividade construtiva no solo urbano e nos núcleos rurais e regulará o seu desenvolvemento, co fin de asegurar a protección e conservación da paisaxe e dos compoñentes clave do espazo natural.

3. Os instrumentos do plan urbanístico deberán definir as condicións que garantan a integración paisaxística das edificacións e manteñan o estilo tradicional do espazo natural e prestarán especial atención á tipoloxía e volumes, así como aos materiais de cubertas e fachadas. Para lograr este obxectivo promoveranse as liñas de fomento e subvención necesarias.

4. Promoverase a elaboración de estudos ou catálogos sobre a arquitectura tradicional do espazo natural. Crearanse liñas de axuda específicas para a adecuación das vivendas rurais á devandita tipoloxía e fomentarase que na rehabilitación, mellora e nova construción de vivendas rurais se manteña a fisionomía tradicional dos núcleos rurais.

5. Fomentarase a rehabilitación de edificios fronte á construción doutros novos.

6. Nas edificacións promoverase especialmente a substitución dos elementos construtivos distorsionantes por outros máis acordes cos tipos tradicionais do espazo natural.

7. Os instrumentos de desenvolvemento urbanístico procurarán fixar, con carácter de mínimos, as condicións necesarias para evitar a formación de pantallas arquitectónicas e garantir a integración paisaxística das vivendas e a súa harmonía co contorno.

8. Fomentarase a inventariación de edificios, elementos ou conxuntos arquitectónicos, espazos colectivos, etc., que sexan de interese polo seu valor arquitectónico, histórico, social ou cultural co obxecto de facilitar a súa rehabilitación e coñecemento e promoverase a protección e conservación das edificacións máis valiosas.

9. Toda actuación que se vaia realizar en edificacións xa existentes adaptarase ás normas urbanísticas vixentes.

3. Normativa xeral.

1. Os usos permitidos, autorizables e prohibidos en relación ao medio rural, urbanismo e ordenación territorial veñen establecidos, con carácter xeral, pola normativa estatal (Lei 8/2007) e autonómica vixente (Lei 9/2002 modificada pola Lei 15/2004 e a Lei 6/2007). A partir deste marco, na normativa xeral e zonal incluída neste plan establécese unha regulación de certas actividades co fin de garantir un uso sustentable dos recursos naturais e o cumprimento dos obxectivos de conservación do espazo natural.

2. Os terreos do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés que non se atopen en solo urbano (figuras de solo urbano consolidado e solo de núcleo rural tradicional establecidas pola Lei 15/2004) utilizaranse de conformidade coa súa natureza e co establecido neste plan. Dedicaranse preferentemente, dentro dos límites que dispoñan as leis e a ordenación territorial e urbanística, aos usos agrícolas, gandeiros forestais, cinexéticos ou calquera outro vinculado á utilización racional dos recursos naturais.

3. Con carácter excepcional, de acordo ao procedemento establecido e coas condicións previstas na lexislación de ordenación territorial e urbanística e neste plan, poderán lexitimarse actos e usos específicos que sexan de interese público ou social pola súa contribución á ordenación e ao desenvolvemento rural ou porque se sitúen no medio rural. De calquera modo, as ditas autorizacións terán que realizarse en cumprimento do artigo 6 da DC 92/43/CEE e a través dun procedemento de avaliación ambiental, cando afecten de forma significativa hábitats prioritarios ou ás áreas prioritarias de conservación das especies catalogadas a nivel autonómico ou estatal, ou as especies do anexo II da DC 92/43/CEE.

4. Non obstante o disposto nos puntos anteriores, a utilización dos terreos con valores ambientais, culturais, históricos, arqueolóxicos, científicos e paisaxísticos, que sexan obxecto de protección pola lexislación aplicable, quedará sempre sometida á preservación dos devanditos valores e comprenderá unicamente os actos de alteración do estado natural dos terreos que aquela lexislación expresamente autorice.

5. Como criterio xeral, considéranse autorizables os usos e as actividades que se realicen conforme as normativas estatais, autonómicas e locais e que, por conseguinte, estean amparados nun instrumento ou plan urbanístico adaptado ao devandito marco normativo, ou nun plan especial de dotacións, sempre e cando se desenvolvan de xeito respectuoso cos obxectivos de conservación do espazo natural e non provoquen unha afección significativa sobre a súa integridade, a calidade da paisaxe e o funcionamento dos ecosistemas, e non supoña unha redución do estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

6. Os organismos autonómicos competentes en materia de ambiente e conservación da natureza e en materia de urbanismo e ordenación do territorio poderán establecer criterios específicos co fin de asegurar os obxectivos de conservación do espazo natural, a sustentabilidade e protección do territorio e dos propios núcleos rurais.

7. Para o desenvolvemento das actuacións urbanísticas dentro do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, incluíndo a realización de edificacións, será necesaria a autorización do organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza, que se desenvolverá en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE, inde-

pendentemente do resto das autorización por parte doutros organismos competentes.

8. Os peches dos predios axustaranse ás disposicións establecidas nas normativas sectoriais vixentes e neste plan.

Artigo 31º.-*Infraestruturas e obras.*

1. Obxectivos.

1. Procurar minimizar o impacto sobre o medio natural no desenvolvemento de infraestruturas (viarias, transporte de enerxía e datos, estacións radioeléctricas, etc.) cando estas se realicen fóra dos núcleos urbano ou das áreas industriais.

2. Protexer o medio natural e cultural do espazo natural e realizar as medidas de restauración necesarias para minimizar o impacto paisaxístico das infraestruturas e obras existentes que así o requiran.

3. Garantir o desenvolvemento socioeconómico do territorio posibilitando a creación e instalación de novas infraestruturas e servizos sen pór en risco os valores naturais e paisaxísticos do espazo.

4. Garantir que os proxectos de actividades e obras, tanto de promoción pública como privada, prevexan desde o inicio a consideración dos posibles impactos ambientais, o estudo de alternativas e as medidas e partidas orzamentarias necesarias para a corrección, se é o caso, dos efectos negativos producidos, así como a súa adecuación ecolóxica e paisaxística. Todos estes elementos serán valorados de forma prioritaria á hora de estudar a concesión das pertinentes autorizacións.

5. Procurar, en coordinación coa administración estatal e autonómica, a conservación e ordenación dos recursos naturais existentes no dominio público.

2. Directrices.

1. Os proxectos definirán e incorporarán de forma precisa as medidas de control da erosión e a restauración e a integración paisaxística da obra. Estas medidas referiranse non só aos elementos principais da obra senón tamén aos accesos provisionais e definitivos, conducións, plataformas de traballo, vertedoiros, empréstitos e a cantas superficies visen alterada a súa cuberta vexetal ou modificadas as súas condicións de equilibrio.

2. No deseño e execución das obras deberán minimizar os efectos erosivos e a alteración hidrolóxica sobre os hábitats naturais e seminaturais e, especialmente, sobre os regueiros, lagoas, turbeiras, queirogais húmidos e outros tipos de zonas húmidas.

3. Procurarase que as novas instalacións ou infraestruturas non se sitúen nos cumes de maior altitude do espazo natural, así como naqueles picos que posúan unha grande singularidade cultural, paisaxística ou ambiental.

4. Como criterio para a apertura de novos desmontes, gabias ou vías tomarase aquel que supoña, en primeiro lugar, un menor impacto ambiental sobre os elementos da paisaxe, os hábitats e as especies protexidas.

5. Os materiais sobrantes das obras de mantemento, restauración, modificación ou desmantelamento deberán ser retirados e xestionados segundo a lexislación vixente.

6. No deseño e mantemento de infraestruturas teranse en conta as necesidades de paso da fauna silvestre, habilitándose as medidas necesarias que permitan e favorezan este fluxo.

7. En caso de ser necesaria a introdución de material vexetal (plantas, sementes) para a restauración de noiros e áreas alteradas empregaranse unicamente especies autóctonas, elixindo aquelas propias dos hábitats circundantes a zona de obra.

8. Controlaranse e eliminaranse as especies exóticas e invasoras das vías e das áreas afectadas polas obras.

9. Co fin de evitar as afeccións sobre hábitats de interese comunitario ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación da fauna e flora silvestre na planificación das novas vías, así como nos labores de mantemento das existentes, establécense as seguintes directrices:

-Na execución de obras procuraranse aplicar técnicas de enxeñaría branda ou bioenxeñaría.

-Empregaranse especies vexetais autóctonas na configuración das sebes das medianas, beiravías, rotondas e áreas de descanso.

-Evitarase a vertedura directa ou con certa intensidade sobre materiais disgregables ou en áreas de importantes pendentes, así como nos medios acuáticos naturais ou seminaturais e, especialmente, sobre regueiros, lagoas, turbeiras, queirogais húmidos e sobre os sistemas dunares.

-Nos puntos de evacuación da auga instalaranse dispositivos co fin de reducir a súa capacidade erosiva.

-A saburra empregada na construción debe ser do mesmo material xeolóxico que o existente no trazado. Non se empregarán, en ningún caso, como saburra, residuos industriais.

10. Nas obras de restauración ou de rexeneración ambiental seguiranse, ademais, os seguintes criterios:

-Evitaranse, cando sexa posible, outras alternativas aos muros de formigón armado ou diques formigonados, empregándose unicamente naqueles tramos onde, debido á existencia de construcións previas ou polas características erosivas, non é factible empregar outro tipo de medidas.

-Evitarase a colocación de mobiliario urbano sobre hábitats naturais.

-Na construción, mantemento ou modificación de paseos evitarase a modificación dos hábitats de interese comunitario e dos hábitats das especies de inte-

rese para a conservación e, especialmente, daqueles considerados como prioritarios.

-O mantemento ou modificación das construcións existentes deberá formularse cara á restauración das condicións ecolóxicas. Substituiranse no posible os muros verticais, diques ou noiros de pedra.

-Na vexetación de noiros e áreas alteradas utilizaranse unicamente especies autóctonas propias da zona do espazo natural onde se realiza a obra.

-Empregaranse igualmente especies vexetais autóctonas nas plantacións ou sementeiras que se realicen en medianas, beiravías, rotondas e áreas de descanso.

3. Normativa xeral.

1. Nos labores de mantemento das infraestruturas lineais existentes no espazo natural empregaranse as técnicas e métodos que aseguren unha mínima afección sobre os recursos naturais e, de forma especial, sobre as augas, os solos, os tipos de hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE, ou sobre os núcleos poblacionais de especies de interese para a conservación, a través dos que discorre o trazado.

2. No mantemento das áreas de servidume das infraestruturas lineais (ferrocarrís, autovías, autoestradas, estradas), poderá autorizarse o uso selectivo de herbicidas ou biocidas, sempre e cando a súa aplicación non supoña unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou sobre os hábitats que alberguen núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación existentes nas marxes das devanditas infraestruturas.

3. Na xestión das medianas e áreas de servidume das infraestruturas lineais que discorren polo espazo natural, estableceranse medidas de control co fin de evitar o establecemento ou expansión de especies invasoras que poidan afectar o estado de conservación dos hábitats ou dos núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación existentes no espazo natural.

4. Ás liñas eléctricas aéreas de alta tensión con condutores nus situadas en zonas de protección, que sexan de nova construción, ou que non conten cun proxecto de execución aprobado antes da entrada en vigor do Real decreto 263/2008, así como ás ampliacións ou modificacións de liñas eléctricas aéreas de alta tensión xa existentes, seranlles aplicadas as medidas de protección contra a electrocución e as medidas de protección contra a colisión recollidas no referido Real decreto 263/2008.

5. As liñas eléctricas aéreas de alta tensión con condutores nus existentes con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 263/2008, situadas en zonas de protección, seranlles aplicadas as medidas de protección contra a electrocución e, de forma voluntaria, as medidas de protección contra a colisión.

6. Para os efectos de aplicación das medidas de protección establecidas no Real decreto 263/2008, considéranse como zonas de protección, os territorios:

a) Designados como zonas de especial protección para as aves (ZEPA).

b) Que constitúan o ámbito de aplicación dos plans de recuperación e conservación de aves incluídas no Catálogo nacional de especies ameazadas ou no Catálogo galego de especies ameazadas.

c) Conformados polas áreas prioritarias de reprodución, alimentación, dispersión e concentración local daquelas especies de aves incluídas no Catálogo nacional de especies ameazadas ou no Catálogo galego de especies ameazadas, cando as devanditas áreas non estean xa comprendidas nos supostos anteriores.

7. Someterase a procedemento de avaliación ambiental a construción de calquera nova infraestrutura de servizo ou edificación capaz de provocar un efecto significativo sobre a paisaxe ou a modificación doutras preexistentes coa mesma capacidade.

Artigo 32º.-*Uso público e actividades deportivas.*

1. Obxectivos.

1. Compatibilizar o uso público e as actividades recreativas e deportivas cos obxectivos de conservación do espazo natural e co desenvolvemento do medio rural.

2. Fomentar, ordenar e facilitar o uso público e o acceso ao espazo da/do visitante baseado nos valores do espazo natural, de modo compatible coa súa conservación.

3. Achegar a poboación cara a un ámbito natural, co fin de aumentar o seu coñecemento sobre este medio, así como lograr unha maior sensibilización, sobre todo no caso das poboacións urbanas, da necesidade da súa conservación.

4. Crear unha rede de sendas e áreas de esparexemento para a mellora da oferta de uso público, prestando especial atención e respecto ás áreas con importantes valores culturais, estéticos, educativos e científicos.

5. Fomentar a xestión sustentable dos recursos cinexéticos e piscícolas existentes no espazo natural en colaboración coas sociedades xestoras.

2. Directrices.

1. Promover coa Administración estatal, autonómica e provincial, así como cos municipios integrados na zona de influencia socioeconómica, o uso público, turístico e recreativo de carácter sustentable no espazo natural.

2. Impulsar e fomentar o uso público, como elemento dinamizador do desenvolvemento socioeconómico da poboación residente na área de influencia do espazo natural.

3. Realizar estudos de viabilidade en canto a infraestruturas de uso público necesarias e a súa localización, como áreas de descanso, rede de sendas, observatorios, miradoiros, etc, co fin de mellorar a oferta turística e recreativa de cada un dos concellos.

4. Proceder á debida sinalización tanto como sinalización viaria externa, como nos accesos ao espazo natural, así como para aquelas infraestruturas e equipamentos dispoñibles para o uso público.

5. Realizar un axeitado seguimento e avaliación das actividades de uso público e recreativo dentro do espazo natural así como do seu potencial desenvolvemento.

6. Adecuar a intensidade de uso do espazo á súa capacidade de acollida.

7. A normativa, tanto xeral como zonal, recollida neste plan para o uso público e para as actividades recreativas, poderá adecuarse aos distintos espazos naturais, en función dos seus valores ambientais e da capacidade de carga destes, a través das especificacións consideradas nos seus correspondentes plans de ordenación dos recursos naturais, plans reitores de uso ou xestión ou plans de conservación.

3. Normativa xeral.

1. Permítese o tránsito a pé polo espazo natural, sempre e cando se realice de forma racional e se respecten a propiedade privada e as actividades e aproveitamentos existentes.

2. As vías existentes no espazo natural clasifícanse en relación co uso público do seguinte modo:

-Libre tránsito: vías en que se permite o uso de vehículos, cabalerías ou o tránsito peonil, de acordo coa normativa e disposicións sectoriais en materia de circulación e seguridade viaria. Inclúense dentro desta categoría:

As autovías, autoestradas e estradas de titularidade estatal, autonómica ou provincial, así como as súas vías de servizo, xunto coas rúas e camiños existentes nos núcleos habitados incluídos no espazo natural.

As pistas agrícolas ou forestais, así como as vinculadas co mantemento de infraestruturas, reemisores ou outro tipo de instalacións que non estean suxeitos a limitacións específicas ou particulares por parte dos seus titulares ou dos organismos competentes.

-Tránsito restrinxido: as vías que o organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza estableza, temporal ou permanentemente, por necesidades de conservación dos recursos naturais, ou ben para garantir os aproveitamentos tradicionais existentes ou para racionalizar as propias actividades de uso público. Inclúense polo menos dentro desta categoría:

As vías de uso estritamente peonil (sendeiros e sendas peonís), en que se evitará o uso de vehículos, incluídos quads e motocicletas.

Os sendeiros e camiños de ferraduras en que se evitará o uso de vehículos de motor, incluídos quads e motocicletas.

Aquelas vías destinadas exclusivamente ao tránsito dos vehículos vinculados coas actividades agrícolas, gandeiras ou forestais existentes no espazo natural, nos cales se prohibe o tránsito de vehículos relacionados con actividades de uso público.

Aquelas vías ou áreas restrinxidas ao uso público e delimitadas para garantir a conservación dos hábitats e das especies silvestres.

-Das limitacións establecidas neste punto, quedan exceptuados os vehículos de vixilancia, emerxencias e todos aqueles que conten coa autorización do organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza.

3. A circulación e aparcamento de vehículos no desenvolvemento de actividades de uso público (turístico, recreativo, deportivo, ocio, etc.) realizarase exclusivamente nas vías e áreas habilitadas para tal efecto. Evitarase a circulación e aparcamento sobre hábitats de interese comunitario ou sobre os hábitats das especies de interese para a conservación, salvo naqueles casos en que exista autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza.

4. A navegación con embarcacións deportivas ou de uso recreativo realizarase de acordo coas disposicións sectoriais e coas regulacións que poida establecer o organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza, co fin de garantir a conservación dos compoñentes clave do espazo natural e ordenar racionalmente o uso público.

5. O exercicio da caza e da pesca deportiva son actividades permitidas de acordo coa normativa sectorial e coas especificacións consideradas neste plan. O organismo competente en materia de ambiente e conservación da natureza poderá establecer as regulacións que considere oportunas para que o exercicio destas actividades se desenvolva en coherencia cos obxectivos e directrices deste plan.

6. O uso con fins comerciais da imaxe, marca ou sinais de identidade gráfica do espazo natural deberá contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza.

Artigo 33º.-*Actividades científicas e monitoraxe.*

1. Obxectivos.

1. Fomentar o coñecemento sobre a dinámica ou evolución dos compoñentes e dos procesos naturais no espazo natural.

2. Regular as actividades científicas e de monitoraxe do patrimonio natural e da biodiversidade no espazo natural co fin de evitar a afección aos seus compoñentes.

2. Directrices.

1. Favorecerase a realización de traballos de investigación relacionados coa biodiversidade e o patrimonio natural do espazo natural e as súas peculiaridades e fomentarase a investigación naqueles temas de interese para a xestión e conservación destes.

2. Todos os traballos científicos ou de investigación que se realizasen no ámbito do espazo natural utilizarán as técnicas e métodos menos impactantes posibles para o medio natural.

3. Limitarase a recolección de espécimes e mostras biolóxicas ou de rochas, minerais e fósiles aos casos estritamente necesarios e estableceranse as condicións de captura ou recollida en que se indiquen as cantidades, lugares, épocas e modo de realizalas.

4. Crearase un depósito bibliográfico con copias dos estudos e traballos realizados nos espazos naturais.

3. Normativa xeral.

1. As investigacións científicas serán efectuadas por persoal cualificado logo da avaliación dunha proposta técnica que conterá a información necesaria para avaliar a incidencia de actividade sobre o medio (paisaxe, medios ecolóxicos, hábitats protexidos, especies de interese para a conservación). O organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza poderá propoñer que a realización das actividades científicas se realicen nunha zona ou nunha área concreta do espazo natural ou, e de ser o caso, denegar a autorización para a súa execución.

2. Toda actividade científica ou de investigación, con incidencia nos compoñentes naturais e ambientais do espazo natural, deberá ser autorizada previamente polo organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza e adaptarase ás normas e condicionantes recollidos na devandita autorización.

-As actividades científicas ou de investigación que afecten a especies de interese para a conservación ou a hábitats de interese comunitario deberán contar coa autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza, o cal poderá pedir logo da súa solicitude ou durante o transcurso da actividade, información detallada sobre os labores de investigación e establecer medidas preventivas ou limitacións sobre a recollida, captura, extracción ou sobre os métodos de estudo, co fin de asegurar o mantemento do estado de conservación dos hábitats ou das especies obxecto da investigación.

-Soamente poderán ser outorgados permisos de investigación que afecten o estado de conservación de hábitats ou especies consideradas como de interese para a conservación, cando sexan estritamente necesarios para a xestión destes elementos e cando non existan alternativas para que os traballos de investigación se poidan realizar con outros métodos menos impactantes, ou en áreas non integradas no espazo natural.

-Para a realización de actividades científicas ou de investigación poderanse outorgar permisos especiais para o transporte de material e persoas polas vías de tránsito restrinxido. Igualmente, poderase autorizar a instalación dos campamentos e infraestruturas necesarias en áreas non habilitadas para tal fin, con carácter temporal e con impacto visual e ecolóxico mínimo.

-A/o responsable das investigacións realizadas nun espazo natural deberá proceder aos traballos necesarios para a restauración das condicións naturais que houbese con anterioridade.

3. As actividades de investigación ou monitoraxe non poderán deixar pegadas permanentes que vaian en detrimento dos valores naturais e culturais.

4. As actividades de investigación non poderán, en ningún caso, introducir especies ou subespecies, así como xenotipos diferentes aos existentes no espazo natural.

5. Os indicadores de acceso que conduzan aos compoñentes do patrimonio cultural e etnográfico e ao mobiliario informativo que se coloque neles deberán ser coherentes co patrón formal e compositivo da sinalización do espazo protexido.

### Sección terceira
### Normativa zonal

Artigo 34º.-*Zonificación do espazo natural protexido.*

A zonificación do parque natural ten en conta as diferentes características do territorio, tanto no que se refire aos seus aspectos ecolóxicos e recursos naturais coma aos usos que destes veñen realizando os seus habitantes, establecendo catro categorías de zonas de uso. A normativa zonal, para cada unha das unidades de zonificación recollidas neste plan, e delimitadas en función da expresión territorial dos compoñentes da biodiversidade, propón un réxime de ordenación e xestión específico, que responde, en consecuencia, ás diferentes necesidades de conservación e xestión e a diferentes graos de aproveitamento dos recursos naturais. As 4 categorías son as seguintes: zona de interese prioritario para a conservación, zona de uso restrinxido, zona de uso moderado e zona de uso xeral.

Artigo 35º.-*Zona de interese prioritario para a conservación (ZPDG-A).*

1. Definición.

Correspóndense coa zona de reserva integral e a zona de protección especial establecidas no Decreto 32/1993, de aprobación do Plan de ordenación dos recursos naturais, así como noutras dúas áreas conformadas por hábitats prioritarios pertencentes aos concellos de Bande e Calvos de Randín. Dentro desta

zona de interese prioritario para a conservación, diferéncianse dúas subzonas:

A ZPDG-A1 correspondente aos seguintes enclaves: Alta Serra do Xurés en Lobios e Muíños, o Barranco de Cruz do Touro en Lobios e o Barranco de Olelas en Entrimo.

A ZPDG-A2 engloba os territorios que se expoñen a continuación: unha franxa de protección de lonxitude variable nas ladeiras da Serra do Xurés en Lobios e Muíños, Serra de Santa Eufemia en Lobios, zonas altas da Serra do Quinxo e Serra de Queguas en Entrimo, así como nas dúas áreas conformadas por hábitats prioritarios pertencentes aos concellos de Bande e Calvos de Randín.

A zona de interese prioritario para a conservación (ZPDG-A) estrutúrase sobre territorios cun valor de conservación moi alto, constituídos por unha porción significativa de hábitats prioritarios ou hábitats de interese comunitario ou ben de núcleos poboacionais e hábitats de especies de interese para a conservación (especies dos anexos II e IV da DC 92/43/CEE, especies de aves migratorias e aves do anexo I da DC 79/409/CEE, especies incluídas no Catálogo nacional de especies ameazadas e no Catálogo galego de especies ameazadas).

A configuración destas zonas e, consecuentemente, a súa biodiversidade está ligada ao mantemento de modelos tradicionais de aproveitamento dos recursos naturais que posúen un elevado grao de compatibilidade co mantemento dos compoñentes, a estrutura e o funcionamento dos ecosistemas.

2. Obxectivos.

a) Manter ou, de ser o caso, restaurar as paisaxes, os ecosistemas, os hábitats protexidos e as áreas prioritarias para as especies de interese para a conservación, nun estado de conservación favorable.

b) Mantemento dos usos tradicionais por parte da poboación local, evitando aqueles que supoñan un risco grave para a conservación ou dinámica dos hábitats naturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.

3. Directrices.

a) O organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza poderá regular os aproveitamentos dos recursos naturais, así como denegar novas explotacións, cando sexan contrarias ou afecten de maneira significativa a integridade da zona ou sobre o estado de conservación dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou das áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación.

b) Fomentar a conservación e restauración das paisaxes culturais e, de xeito especial, as vinculadas con valores históricos e cos sistemas de explotación tradicional e sustentable dos recursos naturais.

c) Fomento da conservación e a restauración natural dos hábitats naturais e dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación, garantindo en todo momento o mantemento da súa naturalidade, así como da súa diversidade taxonómica e xenética.

d) Velar para que os aproveitamentos e labores de carácter tradicional que se realicen sobre os recursos naturais empreguen técnicas que minimicen os impactos e sexan de carácter sostible.

e) Os aproveitamentos dos recursos biolóxicos da zona poderán someterse a melloras que permitan un aproveitamento máis eficaz destes, mantendo os criterios de sustentabilidade e de eco-condicionalidade.

e.1) Evitarase a existencia de grandes superficies continuas, cubertas polo mesmo tipo de vexetación de carácter sinántropico.

e.2) Fomentar a conservación e recuperación do bosque natural, substituíndo as formacións existentes de eucaliptais, piñeirais e outras especies alóctonas por formacións nativas.

e.3) Fomento do mantemento das masas arborizadas autóctonas en forma de monte alto irregular.

Artigo 36º.-*Zona de uso restrinxido (ZPDG-B).*

1. Definición.

Correspóndense coa zona de rexeneración forestal establecida no Decreto 32/1993, de aprobación do Plan de ordenación dos recursos naturais, xunto con outros territorios incluídos na nova delimitación do parque natural.

Territorios cun valor de conservación alto, cunha porción significativa de hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE, cunha elevada naturalidade e diversidade, que mostran, xeralmente, unha maior representación territorial dos hábitats de interese comunitario fronte aos de carácter prioritario, ou ben unha porción significativa das áreas prioritarias das especies silvestres de flora e fauna de interese para a conservación. Diferéncianse, non obstante, porque estas unidades se integran nun territorio cun nivel importante de humanización, no cal existe unha porción tamén significativa de hábitats de interese comunitario, cuxa composición, estrutura e dinámica está intimamente ligada ao mantemento dos sistemas de aproveitamento tradicional.

Nestas áreas deberase restrinxir ou, de ser o caso, prohibir calquera uso diferente dos que actualmente derivan das actividades agropecuarias e forestais de carácter tradicional e que non sexan compatibles cos obxectivos de conservación.

2. Obxectivos.

a) Manter ou, de ser o caso, restaurar as paisaxes, os ecosistemas, os hábitats protexidos e as áreas prioritarias para as especies de interese para a conservación, nun estado de conservación favorable.

b) Mantemento dos usos tradicionais por parte da poboación local, evitando aqueles que supoñan un risco grave para a conservación ou dinámica dos hábitats naturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.

c) Ordenación e regulación das actividades deportivas e recreativas de baixa incidencia ambiental, especialmente o sendeirismo, excursionismo e actividades afíns, sempre que non produzan deterioración significativa de hábitats e especies.

3. Directrices.

a) O organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza poderá regular os aproveitamentos dos recursos naturais, así como denegar novas explotacións, cando sexan contrarias ou afecten de maneira significativa a integridade da zona ou sobre o estado de conservación dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou das áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación.

b) Fomentar a conservación e restauración das paisaxes culturais e, de xeito especial, as vinculadas con valores históricos e cos sistemas de explotación tradicional e sustentable dos recursos naturais.

c) Fomento da conservación e a restauración natural dos hábitats naturais e dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación, garantindo en todo momento o mantemento da súa naturalidade, así como da súa diversidade taxonómica e xenética.

d) Velar para que os aproveitamentos e labores de carácter tradicional que se realicen sobre os recursos naturais empreguen técnicas que minimicen os impactos e sexan de carácter sustentable.

e) Os aproveitamentos dos recursos naturais poderán someterse a melloras que permitan un aproveitamento máis eficaz destes, mantendo os criterios de sustentabilidade e de eco-condicionalidade:

e.1) Evitarase a existencia de grandes superficies continuas, cubertas polo mesmo tipo de vexetación de carácter sinántropico.

e.2) Os mosaicos e sistemas de prados mesófilos (Nat-2000 6510, 6520), debido ao seu carácter de hábitat de interese comunitario, serán receptores preferentes das actuacións de mellora. Potenciaranse accións que aumenten a diversidade estrutural e paisaxística mediante a aplicación de plans compatibles co ambiente.

e.3) Potenciar a instalación nas zonas de pasto de chantóns de frondosas susceptibles de que o gando as rabuche, en marcos amplos ou irregulares.

e.4) Fomentar a conservación e recuperación do bosque natural, substituíndo as formacións existentes de eucaliptais, piñeirais e outras especies alóctonas por formacións nativas en forma de monte alto irregular.

Artigo 37º.-*Zona de uso moderado (ZPDG-C).*

1. Definición.

Correspóndense coa zona de cultivos establecida no Decreto 32/1993, de aprobación do Plan de ordenación dos recursos naturais, xunto con outros territorios incluídos na nova delimitación do parque natural.

Territorios con valor de conservación medio. Son áreas xeralmente en mosaico, nas cales en conxunto predominan medios antrópicos e seminaturais. Entre estes últimos atópase un importante número de hábitats de interese comunitario, cuxa composición, estrutura e dinámica está intimamente ligada ao mantemento dos sistemas de aproveitamento tradicional. As zonas de uso moderado poden albergar ademais pequenas áreas configuradas por hábitats prioritarios ou hábitats de interese comunitario ou ben localidades que integran as áreas prioritarias de conservación de especies catalogadas ao ámbito nacional ou autonómico como en perigo de extinción ou vulnerables ou son consideradas como protexidas pola normativa comunitaria ou internacional.

As zonas de uso moderado están intimamente relacionadas coa existencia e desenvolvemento de pequenos asentamentos rurais de carácter tradicional, incluíndo tanto as vivendas como as construcións vinculadas a este tipo de actividade, cuxa distribución espacial vertebrou, ao longo da historia, a configuración da paisaxe destas zonas e, en consecuencia, a súa biodiversidade.

Nestas áreas regúlanse as actividades non tradicionais que poidan levar consigo unha mingua ou diminución do estado de conservación dos hábitats e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación. A zona de uso moderado actúa a xeito de área de amortecemento entre as zonas de uso xeral e as zonas de maior valor de conservación.

2. Obxectivos.

a) Manter ou, de ser o caso, restaurar as paisaxes, os ecosistemas, os hábitats protexidos e as áreas prioritarias para as especies de interese para a conservación nun estado de conservación favorable.

b) Mantemento dos usos tradicionais por parte da poboación local, evitando aqueles que supoñan un risco grave para a conservación ou dinámica dos hábitats naturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.

c)Ordenación e regulación das actividades deportivas e recreativas de baixa incidencia ambiental, especialmente o sendeirismo, excursionismo e actividades afíns, sempre que non produzan deterioración significativa de hábitats e especies.

3. Directrices.

a) O organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza poderá

regular os aproveitamentos dos recursos naturais, así como denegar novas explotacións, cando sexan contrarias ou afecten de maneira significativa a integridade da zona ou o estado de conservación dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou das áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación.

b) Arbitraranse medidas de carácter económico especiais para as zonas rurais existentes nesta zona, mediante subvencións ou beneficios fiscais para o desenvolvemento dos diferentes sectores produtivos e a mellora na súa calidade de vida.

c) Fomentar a conservación e restauración das paisaxes culturais, dos hábitats naturais e dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación, garantindo en todo momento o mantemento da súa naturalidade, así como da súa diversidade taxonómica e xenética.

d) Fomentar a aplicación e implementación de códigos de boas prácticas como criterios orientadores da xestión sostible dos recursos naturais, así como promover e velar pola aplicación dos requisitos establecidos na normativa e programas de eco-condicionalidade.

e) Os aproveitamentos dos recursos naturais poderán someterse a melloras que permitan un aproveitamento máis eficaz destes, mantendo os criterios de sustentabilidade e de eco-condicionalidade.

e.1) Evitarase a existencia de grandes superficies continuas, cubertas polo mesmo tipo de vexetación de carácter sinántropico.

e.2) Potenciaranse accións que aumenten a diversidade estrutural e paisaxística dos sistemas de prados mesófilos (Nat-2000 6510, 6520), mediante a aplicación de plans compatibles co ambiente .

e.3) Potenciar a instalación nas zonas de pasto de chantóns de frondosas susceptibles de que o gando as rabuche, en marcos amplos ou irregulares.

e.4) Fomentar a conservación e recuperación do bosque natural, substituíndo as formacións existentes de eucaliptais, piñeirais e outras especies alóctonas por formacións nativas en forma de monte alto irregular.

Artigo 38º.-*Zona de uso xeral (ZPDG-D).*

1. Definición.

Correspóndese coa zona de masas de augas artificiais, as zonas de servizos e cos núcleos rurais e urbanos, establecida no Plan de ordenación dos recursos naturais, establecidas no Decreto 32/1993 de aprobación do Plan de ordenación dos recursos naturais, xunto con outros territorios incluídos na nova delimitación do parque natural.

Territorios cun valor de conservación medio ou baixo nos que predominan os medios seminaturais cunha reducida naturalidade e medios sinantrópicos desvinculados, na maioría dos casos, dos sistemas de explotación tradicional dos recursos naturais. Inclúense tamén dentro da zona de uso xeral as áreas cun importante nivel de urbanización, igualmente afastado dos parámetros que caracterizan os asentamentos tradicionais, así como grandes áreas destinadas ao uso público. A xestión destas zonas debe orientarse a evitar a fragmentación e o illamento das zonas de maior valor.

Inclúe os territorios do espazo natural que nos instrumentos de ordenación urbanística, adaptados e conformes á normativa estatal e autonómica en materia de ordenación do territorio e urbanismo, teñan a clasificación de solo urbano ou de solo de núcleo rural.

Inclúe as zonas de dominio público das infraestruturas de comunicación de titularidade estatal, autonómica, provincial ou local.

Na planificación do espazo natural, a ZPDG-D debe ser capaz de absorber a maior parte das actividades de carácter recreativo, co fin de reducir a presión destas sobre as áreas que posúen hábitats ou especies cunha elevada fraxilidade.

2. Obxectivos.

a) Manter a naturalidade da área, evitando as perdas de elementos característicos do espazo natural.

b) Mantemento dos usos tradicionais por parte da poboación local, evitando aqueles que supoñan un risco grave para a conservación ou dinámica dos hábitats naturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.

c) Ordenación e regulación das actividades deportivas e recreativas de baixa incidencia ambiental, especialmente o sendeirismo, excursionismo e actividades afíns, sempre que non produzan deterioración significativa de hábitats e especies.

3. Directrices.

a) O organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza poderá regular os aproveitamentos dos recursos naturais, así como denegar novas explotacións, cando sexan contrarias ou afecten de maneira significativa a integridade da zona ou o estado de conservación dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou das áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación.

b) Arbitraranse medidas de carácter económico especiais para os enclaves rurais existentes nesta zona, mediante subvencións ou beneficios fiscais para o desenvolvemento dos diferentes sectores produtivos e a mellora na súa calidade de vida.

c) Fomentar a aplicación e implementación de códigos de boas prácticas como criterios orientadores da xestión sustentable dos recursos naturais, así como promover e velar pola aplicación dos requisitos establecidos na normativa e programas de eco-condicionalidade.

d) Os aproveitamentos dos recursos naturais, poderán someterse a melloras que permitan un aproveitamento máis eficaz destes, mantendo os criterios de sustentabilidade e de eco-condicionalidade.

CAPÍTULO II
MEDIDAS DE XESTIÓN ESPECÍFICAS DO PARQUE NATURAL

Artigo 39º.-*Alcance e ámbito de aplicación.*

1. Este plan prevalecerá sobre calquera outro instrumento de ordenación territorial ou física. As disposicións establecidas neste plan constituirán un límite para os devanditos instrumentos, non podendo alteralas ou modificalas e aplicaranse, en todo caso, prevalecendo sobre os instrumentos de ordenación preexistentes. Cando os instrumentos de ordenación territorial, urbanística, de recursos naturais e, en xeral, física, existentes resulten contraditorios con este plan deberán adaptarse a este. Mentres a devandita adaptación non teña lugar, as determinacións deste plan aplicaranse, en todo caso, prevalecendo sobre os devanditos instrumentos. Así mesmo, este plan será determinante respecto de calquera outra actuación, plan ou programa sectorial, sen prexuízo do que dispoña ao respecto a lexislación autonómica. As actuacións, plans ou programas sectoriais só poderán contradicir ou non acoller o contido deste plan por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, caso en que a decisión deberá motivarse e facerse pública.

2. Os obxectivos, directrices e normativas deste plan aplicaranse ao parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, cuxos límites físicos se recollen na cartografía achegada neste plan.

Artigo 40º.-*Exclusión de actividades.*

1. O territorio delimitado polo parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar novas actividades e aproveitamentos mineiros. Non se permitirán novas actividades extractivas. Estas explotacións producen un impacto paisaxístico crítico, incompatible cos obxectivos de protección do espazo natural, dos seus hábitats de interese comunitario e das especies de interese para a conservación e, por outra parte, contan con moi poucas posibilidades de restauración a curto ou medio prazo.

2. O territorio delimitado polo espazo natural considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar novas instalacións de enerxía eólica.

3. O territorio delimitado polo espazo natural considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar novas instalacións de enerxía hidroeléctrica.

4. As zonas ZPDG-1 e ZPDG-2 considéranse como área de exclusión á hora de planificar e autorizar novos aproveitamentos industriais de enerxía fotovoltaica.

5. Os proxectos de modificación ou ampliación dos aproveitamentos industriais de enerxía hidroeléctrica existentes someteranse a avaliación de impacto ambiental.

Artigo 41º.-*Fomento de actividades socioeconómicas.*

O territorio delimitado polo espazo natural e a súa área de influencia socioeconómica constituída polo resto do territorio municipal considéranse como áreas preferentes para o desenvolvemento daquelas actividades socioeconómicas de carácter tradicional, coherentes e respectuosas cos obxectivos de conservación. A Xunta de Galicia promoverá ademais nestes territorios as seguintes actividades:

a) Actividades vinculadas coa explotación racional dos recursos naturais.

Agricultura.

Gandaría.

Silvicultura.

Pequenas industrias, non contaminantes, de transformación dos produtos naturais.

Pequenas industrias, non contaminantes, directamente vencelladas coas actividades dos núcleos rurais tradicionais.

b) Actividades de carácter turístico.

c) Actividades de uso público.

d) Mellora dos núcleos rurais tradicionais e mellora da calidade de vida das/dos habitantes do espazo natural, con especial atención a:

Saneamento e depuración.

Abastecemento de augas.

Eliminación de residuos.

Mellora do transporte e as comunicacións.

Rehabilitación de edificios e do patrimonio cultural e etnográfico.

Artigo 42º.-*Promoción e difusión do parque natural.*

1. Fomentarase a promoción de actividades de información que dean a coñecer ás/aos habitantes do parque natural, as implicacións actuais e futuras que supón a súa declaración.

2. Promoverase a cooperación entre os distintos axentes relacionados co desenvolvemento e coa conservación do espazo. Así como a colaboración con outros espazos ou territorios de características similares.

3. Impulsarase a elaboración de elementos de información e divulgación que permitan tamén fomentar a participación social.

Artigo 43º.-*Promoción da custodia do territorio.*

1. As administracións públicas fomentarán a custodia do territorio mediante acordos entre entidades de custodia e propietarios de terreos privados ou públicos que teñan por obxectivo principal a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

2. A Xunta de Galicia regulará os mecanismos e as condicións para incentivar as externalidades positivas de terreos que se sitúen en espazos declarados protexidos ou nos cales existan acordos de custodia do territorio debidamente formalizados polos seus propietarios ante entidades de custodia. Para iso teranse en conta, entre outros, os seguintes servizos prestados polos ecosistemas:

a) A conservación, restauración e mellora do patrimonio natural, da biodiversidade, xeodiversidade e da paisaxe en función das medidas especificamente adoptadas para tal fin, con especial atención aos hábitats e especies ameazados.

b) A fixación de dióxido de carbono como medida de contribución á mitigación do cambio climático.

c) A conservación dos solos e do réxime hidrolóxico como medida de loita contra a desertización, en función do grao en que a cuberta vexetal e as prácticas produtivas contribúan a reducir a perda ou degradación do solo e dos recursos hídricos superficiais e subterráneos.

d) A recarga de acuíferos e a prevención de riscos xeolóxicos.

Artigo 44º.-*Obxectivos específicos do parque natural.*

Asegurar a conservación e o desenvolvemento sustentable dos territorios incluídos dentro do parque natural, así como da súa área de influencia socioeconómica, establecendo os criterios para a xestión e participación pública no desenvolvemento harmónico do propio parque natural.

Artigo 45º.-*Directrices específicas do parque natural.*

1. Harmonizar os usos e aproveitamentos do territorio cos obxectivos de conservación.

2. Garantir a existencia de determinadas actividades, así como establecer criterios para evitar que estas poidan xerar unha afección significativa sobre os compoñentes da biodiversidade.

3. Regular aquelas actividades de uso público que poidan verse incrementadas coa afluencia de visitantes cara ao espazo, asegurando en todo momento que non se alcance a capacidade de carga do parque natural.

4. Fomentar a participación pública na xestión e uso sustentable dos compoñentes naturais.

Artigo 46º.-*Normativa específica do parque natural.*

1. Calquera actividade, plan ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do espazo natural ou sen ser necesario para esta, poida afectar de forma apreciable o citado espazo, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos, someteranse a unha axeitada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do devandito espazo natural, así como os criterios establecidos na Lei 9/2006, na Lei 42/2007 e no R.D.L. 1/2008.

Se, a pesar das conclusións negativas da avaliación das repercusións sobre o espazo e a falta de solucións alternativas, deberá realizarse un plan ou proxecto por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, incluídas razóns de índole social ou económica, o organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza tomará cantas medidas compensatorias sexan necesarias para garantir que a coherencia global da Rede Natura 2000 quede protexida, informando a Comisión das medidas compensatorias adoptadas. No caso de que o lugar considerado albergue un hábitat natural e/ou especie prioritarios, unicamente se poderán alegar consideracións relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública, ou relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o medio, ou ben, outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde, de conformidade co establecido na Lei 42/2007.

2. O órgano de participación pública do parque natural é a súa Xunta Consultiva establecida polo Decreto 265/2007.

a) Actividades agrícolas, gandeiras e forestais.

a.1) As actividades da gandaría deberán evitar as afeccións aos medios forestais, axustándose en todo momento aos seguintes criterios:

i) No caso de gando autorizado, exixirase o seu mantemento en boas condicións sanitarias.

ii) Limitarase o número de cabezas de gando no parque natural a aquelas declaradas polos gandeiros, non permitindo a estancia incontrolada.

iii) As zonas onde se leven a cabo reforestacións, así como as zonas de propagación e rexeneración de masas naturais, deberán quedar acoutadas ao pastoreo ata que non se comprometa a viabilidade da masa.

iv) O acceso do gando ás zonas de pasto realizarase polos camiños ou vías existentes, evitando o paso por zonas sensibles.

a.2) Os danos producidos sobre o terreo, cursos de auga, infraestruturas ou camiños por calquera tipo de aproveitamento forestal deberán ser restaurados polo executante do aproveitamento nun prazo non superior a seis meses a partir do final do aproveitamento.

a.3) A superficie máxima autorizable para as queimas controladas dentro dos territorios do parque natural será de 10 ha, sempre e cando non exista arborado e a pendente sexa inferior ao 30%.

a.4) Con carácter xeral, non se permiten os cambios de uso do monte, salvo por causas de utilidade pública ou interese xeral coa preceptiva autorización do organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza que poderá exixir a realización dun estudo de avaliación ambiental.

a.5) Considéranse usos prohibidos no ámbito do parque natural:

i) A presenza de gando solto sen autorización.

ii) Na zona de interese prioritario para a conservación (ZPDG-A):

-As actividades agrogandeiras de carácter intensivo.

-As repoboacións monoespecíficas de coníferas e de eucaliptos.

iii) Considéranse usos prohibidos na subzona ZPDG-A1 (Alta Serra do Xurés en Lobios e Muíños, o Barranco de Cruz do Touro en Lobios e o Barranco de Olelas en Entrimo) dentro da zona de interese prioritario para a Conservación (ZPDG-A):

-As concentracións parcelarias e a transformación de solo forestal en solo agrícola.

-As cortas de carácter comercial, así como as repoboacións produtivas e o uso do lume.

-Quedan prohibidos os cerramentos e valados para usos agropecuarios.

b) Ordenación do territorio, urbanismo e infraestruturas.

b.1) Considéranse prohibidos no ámbito do parque natural:

i) Na zona de interese prioritario para a conservación (ZPDG-A) as actividades industriais.

ii) Considéranse usos prohibidos na subzona ZPDG-A1 (Alta Serra do Xurés en Lobios e Muíños, o Barranco de Cruz do Touro en Lobios e o Barranco de Olelas en Entrimo) dentro da zona de interese prioritario para a conservación (ZPDG-A):

-As novas construcións e instalacións

-A instalación de novas infraestruturas.

iii) Na subzona ZPDG-A2 non se permiten a apertura de vías de máis de 3 metros de largo, os tendidos aéreos, e as novas construcións agás as viveirísticas e as de vixilancia do parque natural.

c) Uso público e actividades deportivas.

c.1) A totalidade das pistas existentes na subzona ZPDG-A1 (Alta Serra do Xurés en Lobios e Muíños, o Barranco de Cruz do Touro en Lobios e o Barranco de Olelas en Entrimo) dentro da aona de interese prioritario para a conservación (ZPDG-A) serán consideradas como vías de tránsito restrinxido.

c.2) Na subzona ZPDG-A1 (Alta Serra do Xurés en Lobios e Muíños, o Barranco de Cruz do Touro en Lobios e o Barranco de Olelas en Entrimo) dentro da zona de interese prioritario para a conservación (ZPDG-A) permitirase o sendeirismo restrinxido aos camiños e vías existentes.

c.3) Co fin de compatibilizar o uso público cos obxectivos de conservación e co mantemento dos aproveitamentos tradicionais, o desenvolvemento de determinadas actividades de uso público quedarán limitadas a áreas ou itinerarios concretos situados dentro do espazo natural (preferentemente nas zonas ZPDG-B, ZPDG-C e ZPDG-D) ou, de ser o caso, a zonas externas a este. Estas áreas poderán ser destinadas de forma permanente (áreas de descanso, áreas recreativas, zonas habilitadas para o baño, zonas habilitadas para acampada, etc.), ou de forma temporal, en función do tipo de actividades que poidan albergar. Nestas áreas, o desenvolvemento das actividades de uso público deberá realizarse respectando o resto dos usuarios, e de acordo coas normativas sectoriais, con este plan, así como coas regulacións que puidesen establecer, de xeito específico, en determinados espazos naturais en función das disposicións recollidas nos seus respectivos plans de ordenación, plans reitores de uso e xestión e plans de conservación e as que puidese establecer o organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza. Nas devanditas áreas poderán ser autorizadas e reguladas, se é o caso, as seguintes actividades:

i) O estacionamento temporal de vehículos e caravanas.

ii) A práctica do aeromodelismo e o uso de papaventos.

iii) O uso do lume, nas áreas e nas infraestruturas habilitadas para tal efecto.

iv) A acampada ou pernoita.

v) O baño, a natación e o mergullo.

vi) A realización de espectáculos de carácter lúdico ou recreativo de carácter temporal ao aire libre, sempre e cando non se realicen sobre áreas ocupadas por hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE.

vii) Os paseos turísticos a cabalo fóra de vías permitidas.

c.4) A navegación con embarcacións de motor poderá ser autorizada polo organismo competente en materia de ambiente e conservación da natureza sempre e cando sexa para uso colectivo ou para salvamento e socorrismo e non se permitirá cando a finalidade da navegación sexa para uso particular.

c.5) Queda prohibida a construción de aparcadoiros destinados ao uso público na subzona ZPDG-A1 (Alta Serra do Xurés en Lobios e Muíños, o Barranco de Cruz do Touro en Lobios e o Barranco de Olelas en Entrimo) dentro da zona de interese prioritario para a conservación (ZPDG-A).

d) Actividades piscícolas e cinexéticas.

d.1) O exercicio da caza na zona de interese prioritario para a conservación (ZPDG-A) e na zona de uso restrinxido (ZPDG-B) quedará vinculado ás disposicións que se establezan no seu correspondente Plan de Ordenación Cinexético.

d.2) O aproveitamento cinexético da especie de *Capra pyrenaica* no parque natural estará suxeito a un plan de aproveitamento elaborado pola administración do parque onde se especificarán os indivi-

duos obxecto do aproveitamento. A modalidade de caza será de axexo.

d.3) Na zona de interese prioritario para a conservación (ZPDG-A) non poderán establecerse zonas de caza permanente.

d.4) Quedan estritamente prohibidas as actividades cinexéticas ou de pesca en augas continentais fóra das zonas e épocas, cotas ou especies, permitidas.

d.5) Considéranse usos prohibidos na subzona ZPDG-A1 (Alta Serra do Xurés en Lobios e Muíños, o Barranco de Cruz do Touro en Lobios e o Barranco de Olelas en Entrimo) dentro da zona de interese prioritario para a conservación (ZPDG-A), o exercicio da caza, o exercicio da pesca, agás no Corgo do Castro Laboreiro. Prohíbese así mesmo a caza e a pesca no monte de Salgueiro.

d.6) Non se permiten, na subzona ZPDG-A1 (Alta Serra do Xurés en Lobios e Muíños, o Barranco de Cruz do Touro en Lobios e o Barranco de Olelas en Entrimo) dentro da zona de interese prioritario para a conservación (ZPDG-A), as repoboacións cinexéticas nin piscícolas, agás no río Castro Laboreiro.

## CAPÍTULO III
## ACTIVIDADES SOMETIDAS A AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL

Artigo 47º.-*Medidas de protección.*

O organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza adoptará as medidas apropiadas para evitar nos lugares que conforman a Rede Natura 2000 (LIC/ZEC, ZEPA), a deterioración dos hábitats naturais e das especies que motivaron a súa declaración, na medida en que as devanditas alteracións poidan ter un efecto negativo apreciable no que respecta aos obxectivos de conservación establecidos polas directivas DC 79/409/CEE, a DC 92/43/CEE, a DC 200/60/CE, así como pola normativa estatal (Lei 42/2007) e galega (Lei 9/2001).

Artigo 48º.-*Avaliación.*

A avaliación a que fai referencia o artigo 6.3º da DC 92/43/CEE incluirá de forma obrigatoria unha análise obxectiva e fundamentada sobre o grao de afección individual e sinérxico da actividade, sobre o estado de conservación dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE, das poboacións e hábitats das especies recollidas no anexo II da DC 92/43/CEE, e do anexo I da DC 79/409/CEE, así como sobre as especies incluídas no Catálogo nacional de especies ameazadas e no Catálogo galego de especies ameazadas, tanto para o ámbito territorial da zona ou zonas onde se pretende desenvolver a actividade, plan ou proxecto, como para o conxunto do lugar e da Rede Natura 2000.

Artigo 49º.-*Cautela.*

O organismo autonómico competente en materia de ambiente e conservación da natureza aplicará o principio de cautela (Tratado de Maastricht), en relación coa valoración dos plans, proxectos e actividades que puidesen ter incidencia sobre o estado de conservación dos lugares da Rede Natura 2000, así como dos seus compoñentes.

Artigo 50º.-*Procedemento administrativo.*

O órgano ambiental competente, fixará en coherencia coa lexislación comunitaria (DC 85/337/CEE e DC 97/11/CE), estatal (Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, e Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos) e autonómica (Lei 1/1995, Decreto 442/1990, Decreto 327/1991), o procedemento administrativo para desenvolver a devandita avaliación, garantindo en todo momento o cumprimento dos criterios e obxectivos establecidos na Rede Natura 2000.

En ningún caso o fraccionamento de proxectos de igual natureza e realizados no mesmo espazo físico, impedirá a aplicación dos límites establecidos pola normativa de impacto ambiental, para cuxos efectos se acumularán as magnitudes ou dimensións de cada un dos proxectos considerados.

Artigo 51º.-*Ámbito.*

A posible afección ou impacto significativo dunha acción ou actividade sobre o espazo natural ou sobre os compoñentes clave deste determinarase baseándose nos criterios fixados no anexo II do Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos (BOE nº 23, do 26 de xaneiro).

## CAPÍTULO IV
## SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO ESTADO DE CONSERVACIÓN.

Artigo 52º.-*Vixilancia.*

De acordo coas disposicións do artigo 47 da Lei 42/2007, do patrimonio natural e da biodiversidade, o organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza e de ambiente, efectuará unha vixilancia periódica sobre o estado de conservación dos tipos de hábitats de interese comunitario e das especies de interese para a conservación, tendo especialmente en conta aos hábitats prioritarios, as especies prioritarias e as especies tipificadas catalogadas en perigo ou vulnerables.

Artigo 53º.-*Indicadores.*

A avaliación do estado de conservación axustarase ás condicións establecidas nas directivas 79/409/CEE e 92/43/CEE, ás que se poidan propoñer no Plan Estratéxico Estatal do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, empregando para iso os indicadores e métodos de análises indicadas no borrador do Plan Direc-

tor de Ordenación dos Recursos Naturais e do Medio Físico da Rede Natura 2000 de Galicia.

Artigo 54º.-*Comunicación dos cambios.*

O organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza e de ambiente, comunicará ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño os cambios que se produzan anualmente en relación cos hábitats e especies de interese para a conservación para os efectos do seu reflexo no Inventario Español do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

Artigo 55º.-*Medidas de conservación.*

O organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza e de ambiente, remitirá ao Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño información sobre as medidas de conservación as que se refire o artigo 45.1º da Lei 42/2007, a avaliación dos seus resultados e as propostas de novas medidas que se vaian aplicar, co obxecto de que o Ministerio poida remitir á Comisión Europea, cada tres e seis anos respectivamente, os informes nacionais exixidos polas directivas comunitarias 79/409/CEE e 92/43/CEE reguladoras das zonas da Rede Natura 2000.

*ANEXO II*

**Cartografía de zonificación**



*ANEXO III*

**Límite do Parque Natural**




*ANEXO IV*

**Memoria económica**

Cronograma e programa económico-financeiro.

O programa económico-financeiro do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés estrutúrase para un período de vixencia de cinco anos. Neste programa intégrase por unha parte o cronograma anual coas partidas correspondentes da programación prevista, que inclúe partidas orzamentarias para garantir a conservación da biodiversidade e dos compoñentes naturais do espazo, para xestionar o uso público, para a restauración dos elementos patrimoniais, así como para a implementación para o funcionamento do parque natural.

Este orzamento non recolle outro tipo de investimentos que puidesen conseguirse durante o período de aplicación do plan como resultado da aplicación de programas de colaboración institucional e interdepartamental como o Programa Parques para Vivir, o Plan de desenvolvemento sustentable, ou os que se poñan en marcha a través do Consello da Rede de Parques Naturais de Galicia.

**Cronograma e programa económico-financeiro**

| | Ano 1 | Ano 2 | Ano 3 | Ano 4 | Ano 5 | Totais |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Plan de conservación da biodiversidade | 500.000 € | 550.000 € | 600.000 € | 600.000 € | 600.000 € | 2.850.000 € |
| Xestión do uso público | 250.000 € | 250.000 € | 300.000 € | 350.000 € | 300.000 € | 1.450.000 € |
| Restauración patrimonial | 50.000 € | 90.000 € | 100.000 € | 80.000 € | 135.000 € | 455.000 € |
| Gastos e investimentos de carácter inmaterial | 350.000 € | 300.000 € | 200.000 € | 200.000 € | 250.000 € | 1.250.000 € |
| Material | 50.000 € | 50.000 € | 70.000 € | 75.000 € | 75.000 € | 320.000 € |
| -Totais anuais | 1.200.000 € | 1.240.000 € | 1.270.000 € | 1.305.000 € | 1.360.000 € | 6.325.000 € |